TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA

CADRO ALEGACIÓNS RECIBIDAS A TRAVÉS DO PORTAL DE TRANSPARENCIA

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 3.2 Engadir "En todo caso, terase en conta a realidade e incidencia social, a súa repercusión económica e fiscal"	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da proposta
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 3.3 Solicita que se definan actuacións e iniciativas orientadas á prevención, establecendo que competencias concretas debe asumir cada consellería de xeito específico	ACEPTAR PARCIALMENTE Procédese a incorporar no texto actuacións concretas en materia de prevención.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 4.2 Solicita que se especifique cal é a consellería con competencias en materia de xogo e concretamente cal é o órgano competente dentro da dita consellería.	REXEITAR Non se pode especificar a consellería competente en materia de xogo xa que pode variar cada vez que se aprobe a estrutura orgánica
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 4.4 Engadir Non se permite o pago a través de tpv Queda prohibida a promoción de bonos gratuitos de cantidades para empezar a apostar ou reclamos semellantes como os que se usan no xogo online	REXEITAR A regulación da promoción e publicidade será obxecto dun posterior desenvolvemento regulamentario así como os medios de pago admitidos nos distintos establecementos de xogo.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 4.5 Engadir "O Consello de Goberno desenvolverá actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e adoptará medidas para desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores sociais máis vulnerables. Ao obxecto de dar tratamento unitario e coordinado ás distintas medidas a aplicar, o Consello de Goberno elaborará un programa para a prevención da ludopatía no prazo de doce meses desde a entrada en vigor da presente lei,	ACEPTAR PARCIALMENTE Introdúcese no texto medidas en materia de políticas de prevención

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	contando para iso coa participación e colaboración das asociacións máis representativas do colectivo afectado. Entre as medidas a adoptar figurarán; a) a elaboración de campañas informativas e preventivas dirixidas á poboación en xeral para desincentivar hábitos ou condutas patolóxicas b) A incorporación nos contidos curriculares de todos os niveis educativos dos riscos dunha práctica irresponsable do xogo e da ludopatía c) A inclusión nos materiais utilizados para o xogo de mensaxes que advirtan dos perigos da súa práctica d) A limitación da publicidade do xogo, en atención aos riscos que poidan derivarse da súa práctica abusiva e) A especial atención por parte da Inspección de xogo ao cumprimento das normas sobre limitación de acceso aos locais de xogo f) A previsión dunha dotación económica adecuada, nos orzamentos de cada exercicio, para o desenvolvemento das funcións de inspección e as actividades preventivas e informativas fronte a ludopatía e para o tratamento e rehabilitación dos trastornos causados por quen o padece O Consello de Goberno colaborará activamente coas asociacións de afectados no desenvolvemento e execución das actividades de prevención e información.	
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 5.2 Substituir o parágrafo “ durante a emisión de programas ou espazos especialmente dirixidos ao público infantil” polo seguinte: “durante a emisión de programas ou espazos realizados durante o horario infantil” Propón tamén a eliminación da publicidade nos termos da relativa ao alcohol e o tabaco ou nun período de tempo máis restritivo (de 2 a 6 da mañá)	REXEITAR Esta materia será obxecto dun posterior desenvolvemento regulamentario.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 5.5. Especificar cal é a normativa que regula a información, comercio electrónico e comunicación audiovisual”	REXEITAR A dita normativa pode variar no tempo polo que faise unha remisión xenérica a normativa que exista en cada momento
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 5.6 Debe especificarse a medida concreta do cartel de prohibición de uso aos menores de idade. Debe especificarse en que lugar debe estar o dito cartel.	REXEITAR Non é obxecto da lei especificar a medida do cartel aínda que terase en conta no desenvolvemento regulamentario.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 5.8 Debe prohibirse a publicidade visible ao exterior do local. Eliminar a posibilidade de entregar artigos promocionais ou consumicións de escasa contía ou incluso ter máis dunha licencia de actividade no local	REXEITAR Esta materia debe tratarse no posterior desenvolvemento regulamentario.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 6 Debe facerse mención ao rexistro nacional de interdición ao xogo e a súa conexión co mesmo	ACEPTAR PARCIALMENTE Introdúcese no artigo unha mención ao Rexistro Nacional de Interdición ao xogo.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 6.4 Reducir o prazo de resolución do expediente de inscrición no Rexistro a 15 ou 20 días xa que ao ser un procedemento telemático non se precisa un mes	ACEPTAR Corríxese o texto e redúcese o prazo a 15 días
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 8.2 Debería establecerse un sistema de control de acceso telemático nos locais de hostalería.	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto o control de acceso ás máquinas de apostas nos locais de hostalaría e nas máquinas recreativas sempre que así sexa solicitado polo titular do establecemento
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 22.b Cambiar a expresión “que lle permiten á persoa usuaria un tempo de lecer e eventualmente obter un premio” pola expresión “que lle permiten á persoa usuaria un tempo de uso e eventualmente obter un premio”	REXEITAR O termo uso non é o mesmo que lecer. A palabra “lecer” significa “ocio” en castelán e vai asociado especificamente a este tipo de máquinas. Non pode ser substituído por uso xa que non son termos semellantes.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 30.4 Solicitan modificar as distancias: 150 metros a calquera outro establecemento de xogo 300 metros a centros de ensino de menores e parques infantís e centros de rehabilitación de	ACEPTAR PARCIALMENTE Modifícase o texto e establécese unha distancia de 300 metros a calquera outro establecemento de xogo e de 300 metros a centros de ensino oficial de menores.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	xogadores	
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 35.3 A eliminación da posibilidade que que os salóns de xogo teñan espazo de apostas	REXEITAR Ao establecerse control de acceso obrigatorio nos salóns de xogo non existe xustificación para prohibir as máquinas de apostas de igual xeito que existen nos casinos, nos bingos e nas tendas de apostas.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 36 Especificar que as tendas de apostas non poidan ter máquinas AE, B, BE nin terminais de lotaría. Tampouco se lles pode conceder licencia de salón de xogos.	ACEPTAR Xa está así no texto da norma. As tendas de apostas unicamente poden ter máquinas de apostas.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 37 Permitir os espazos de apostas unicamente en casinos e bingos. Prohibir os espazos de apostas en salóns de xogo e en recintos deportivos e feirais.	REXEITAR Ao establecerse un control de acceso obrigatorio en todos os establecementos de xogo, non existe xustificación para prohibir as máquinas de apostas. No que respecta aos recintos deportivos e feirais establecerase tamén un control de acceso nas máquinas de igual xeito que nas existentes en locais de hostalaría.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 39.2 Establecer un control de acceso ás máquinas recreativas e ás máquinas de apostas instaladas en locais de hostalaría	ACEPTAR PARCIALMENTE Modifícase o texto para incorporar a obriga de que as máquinas de apostas en hostalaría conten cun dispositivo que impida o xogo dos menores e as máquinas de tipo B sempre que así sexa solicitado polo titular do establecemento
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Título V Engadir As sancións pecuniarias irán destinadas ao Fondo de Adicción ao xogo para prevenir e reducir a ludopatía A autoridade sancionadora ordenará o comiso das apostas percibidas e dos beneficios ilícitos obtidos cuxo importe deberá ingresarse na Tesouraría Xeral e destinado integramente a campañas e accións formativas de prevención dirixidas á sensibilización e difusión das boas prácticas do xogo así como os posibles efectos cunha práctica non axeitada poida producirá Destinarase unha porcentaxe do total recadado por sancións en materia de xogo e apostas non inferior ao 5% para a prevención e	ACEPTAR PARCIALMENTE Destinarase unha porcentaxe do total recadado por sancións en materia de xogo e apostas non inferior ao 25% para a prevención e rehabilitación da ludopatía e para o financiamento do Observatorio de Xogo

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	rehabilitación da ludopatía. As sancións impostas aos usuarios dos xogos no caso de ser menores de idade ou inscritos no rexistro de prohibidos, se terá en conta esta circunstancia a efectos de que a dita sanción non sexa económica senón cun compoñente reeducador.	
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Engadir: Se se establecen sancións de contía tan alta vai ser moito máis complicado que a administración as poida impoñer aos operadores. Quizais sería mellor cantidades algo máis baixas pero que efectivamente se impoñan. Polo menos, a nivel nacional a cantidades elevadas supoñen un obstáculo tendo en conta que a Administración lle interesa a actividade económica dos operadores.	REXEITAR A motivación da imposición das sancións non pode ser a consideración de que por ser altas a Administración vai ter reparos en impoñelas. Non ten xustificación ningunha rebaixar as sancións existentes.
ASOCIACIÓN AGALURE/AGAJA	Artigo 57 Engadir Creación dun Fondo de adicción ao xogo co fin de que unha parte do orzamento de medidas preventivas da ludopatía estean cubertas. A taxa fiscal sobre os xogos de sorte, envite ou azar – Que un 0,3% da taxa fiscal sexa destinada ao Fondo de Adicción ao xogo para prever e reducir a ludopatía.	REXEITAR Non é obxecto desta lei senón materia orzamentaria propia doutra normativa específica
M. CARMEN MARTÍNEZ GRAÑA	Que todas as máquinas de xogo estean conectadas a un servidor central para poder verificar as contías reais xogadas a efectos de evitar o fraude fiscal.	REXEITAR A taxa fiscal non está en relación coas contías reais xogadas polo que non resulta necesario coñecer as ditas cantidades.
M. CARMEN MARTÍNEZ GRAÑA	A obriga da norma de que mensualmente se comproben as máquinas de apostas instaladas orixinará unha carga de traballo pouco realista. Máis efectivo sería instalar unha taxa de contía fixa anual para cada máquina de apostas instalada por exemplo de 500 euros.	REXEITAR A comprobación non é a efectos fiscais senón para acreditar que efectivamente as máquinas seguen a funcionar tal e como foron homologadas e non sufriron cambios desde a homologación.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
M. CARMEN MARTÍNEZ GRAÑA	A planificación de salóns debería ser por poboación e non establecer un número fixo para toda Galicia. Debe aumentarse tamén a distancia a colexios a 300 metros.	ACEPTAR PARCIALMENTE Acéptase a distancia de 300 metros a colexios.
RECREATIVOS MAFARI SA	Artigo 36 As tendas de apostas deben poder instalar máquinas tipo B como os demais establecementos de xogo.	REXEITAR Mantense o sistema piramidal de xogo en Galicia que leva funcionando sen problemas desde o seu inicio.
RECREATIVOS MAFARI SA	Debe especificarse se se pode trasladar de localización un salón ou unha tenda de apostas	ACEPTAR Modifícase o texto e especifícase a posibilidade de trasladar de situación os establecementos de xogo
RECREATIVOS MAFARI SA	Artigo 39 Nos establecementos de hostalaría unicamente poderá autorizarse dúas máquinas de xogo	ACEPTAR Modifícase o texto e especifícase que solo poderán instalarse 2 máquinas
RECREATIVOS MAFARI SA	Artigo 39 A revisión do número de máquinas de apostas instaladas non pode ser mensual senón que a revisión debe ser anual.	REXEITAR Mantense a revisión mensual xa que a revisión anual non tería os efectos perseguidos pola norma que é a redución do parque de máquinas ás realmente instaladas.
RECREATIVOS MAFARI SA	Eliminar toda mención á lotería instantánea electrónica	ACEPTAR
ANTONIO RIAL BOUBETA	Exposición de Motivos: Engadir algunha referencia as serias implicacións a nivel sociosanitario que converten ao xogo nun problema en termos de saúde pública.	ACEPTAR Modifícase a exposición de motivos e engádese a referencia as implicacións de carácter sociosanitario.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Publicidade: Prohibición da publicidade en eventos, actividades e a entidades deportivas. Prohibición non so na tv durante programas infantís senón tamén en eventos deportivos e outros programas de fácil acceso a menores.	REXEITAR É un tema a tratar no posterior desenvolvemento regulamentario.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Distancias: Fixar unha distancia de 150 metros aos centros escolares e parques infantís dos locais de hostalaría que conten con máquinas de apostas ou recreativas instaladas.	REXEITAR Non se considera necesario desde o momento en que establece un control de acceso ás ditas máquinas que impide o xogo dos menores.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Instalar dispositivos de control mediante activación remota por parte do encargado en locais de	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto a obriga de contar cun dispositivo de control

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	hostalaría tanto das máquinas recreativas como nas máquinas de apostas.	nas máquinas de apostas en hostalaría e nas máquinas de tipo B sempre que así sexa solicitado polo titular do establecemento
ANTONIO RIAL BOUBETA	Efecto retroactivo das distancias: Aplicar as distancias da nova lei aos locais que xa figuran instalados.	REXEITAR A nova normativa non pode ter efecto retroactivo sobre os establecementos validamente instalados.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Prevención: Propón a realización dun traballo específico por expertos de sanidade, educación, mocidade e política social para incorporar no texto da lei medidas específicas de prevención a varios niveis: a) comunitario (campañas de sensibilización social) b) escolar (actualización da carteira de prevención da Subdirección xeral de fomento de programas de estilo de vida saudable) c) familiar (escolas de nais e pais da consellería de educación) d) sanitario (favorecendo un papel máis activo dos profesionais de atención primaria na detección precoz e consello breve) e) coordinación entre departamentos e administración	REXEITAR Debe facerse a través do Observatorio de Xogo ou a través da Comisión de Xogo mediante a creación de grupos de traballo específicos.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Recursos asistencias para a asistencia á ludopatía: Contemplar na lei a inmersión de recursos en materia de asistencia á ludopatía que poida garantir unha atención aos cidadáns áxil e de calidade	REXEITAR Corresponde á normativa propia de Sanidade non a normativa reguladora dos xogos.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Garantías de cumprimento: A lei non explicita ou clarifica suficientemente as funcións e competencias estatais, autonómicas e municipais que permitan que os cidadáns teñamos a certeza de que a lei vai ser cumprida. Esa mesma incertidume se deriva da ausencia de regulamentos específicos nalgúns apartados.	ACEPTAR A lei especifica con claridade cales son as competencias autonómicas e cales serían en todo caso, as funcións dos concellos. Respecto as competencias estatais xa veñen establecidas na súa propia normativa. Constan regulamentos específicos na actualidade para todos os tipos de xogos regulados na norma.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Composición da Comisión de Xogo; Debe especificarse na lei a	REXEITAR É un tema que deberá ser especificado no decreto polo que

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	proporción ou o número de membros de cada sector afectado e incluír algún representante no eido da investigación ou dos colexios profesionais.	se defina a composición e funcionamento da dita Comisión de Xogo, unha vez entre en vigor a norma.
ANTONIO RIAL BOUBETA	OBSERVATORIO galego do xogo: A lei debe contemplar a creación dun sistema de información estable, riguroso e independente que cun compoñente técnico e científico permita facer un seguimento das implicacións sociais, económicas e sanitarias das implantación da lei.	ACEPTAR Incorpórase no texto a creación dun Observatorio Galego de Xogo.
ANTONIO RIAL BOUBETA	Xogo en liña Escasa mención do xogo en liña. Entendemos que a lei ten certo marxe legal para poder establecer medidas a nivel de xogo en liña. Proponse a creación dun grupo de traballo específico para tratar este tema.	ACEPTAR Unha vez que entre en funcionamento a nova Comisión de Xogo pode crearse un grupo de traballo para estudar as posibilidades da regulación autonómica do xogo online.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Exposición de Motivos: Engadir algunha referencia as serias implicacións a nivel sociosanitario que converten ao xogo nun problema en termos de saúde pública.	ACEPTAR Modifícase a exposición de motivos nestes termos.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Publicidade: Prohibición da publicidade en eventos, actividades e a entidades deportivas. Prohibición non so na tv durante programas infantís senón tamén en eventos deportivos e outros programas de fácil acceso a menores.	REXEITAR Debe ser obxecto dun posterior desenvolvemento regulamentario.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Distancias: Fixar unha distancia de 150 metros aos centros escolares e parques infantís dos locais de hostalaría que conten con máquinas de apostas ou recreativas instaladas.	REXEITAR Unha vez que se incorpora no texto legal a obriga de que as máquinas instaladas en locais de hostalaría conten cun control que impida o xogo de menores, non se considera necesario aplicar tamén un réxime de distancias.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Instalar dispositivos de control mediante activación remota por parte do encargado en locais de hostalaría tanto das máquinas recreativas como nas máquinas de apostas.	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto a obriga de contar cun dispositivo de control nas máquinas de apostas en hostalaría e nas máquinas de tipo B sempre que así sexa solicitado polo titular do establecemento
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Efecto retroactivo das distancias: Aplicar as distancias da nova lei aos locais que xa figuran instalados.	REXEITAR Non se poden aplicar con efecto retroactivo a establecementos validamente instalados.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Prevención: Propón a realización dun traballo específico por expertos de sanidade, educación, mocidade e política social para incorporar no texto da lei medidas específicas de prevención a varios niveis: a) comunitario (campañas de sensibilización social) b) escolar (actualización da carteira de prevención da Subdirección xeral de fomento de programas de estilo de vida saudable) c) familiar (escolas de nais e pais da consellería de educación) d) sanitario (favorecendo un papel máis activo dos profesionais de atención primaria na detección precoz e consello breve) e) coordinación entre departamentos e administración	ACEPTAR PARCIALMENTE Será unha función do Observatorio de Xogo ou da propia Comisión de Xogo mediante a creación de grupos de traballo.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Recursos asistencias para a asistencia á ludopatía: Contemplar na lei a inmersión de recursos en materia de asistencia á ludopatía que poida garantir unha atención aos cidadáns áxil e de calidade	REXEITAR Considérase que non pode ser obxecto desta lei senón que é materia máis propia de Sanidade.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Garantías de cumprimento: A lei non explicita ou clarifica suficientemente as funcións e competencias estatais, autonómicas e municipais que permitan que os cidadáns teñamos a certeza de que a lei vai ser cumprida. Esa mesma incertidume se deriva da ausencia de regulamentos específicos nalgúns apartados.	ACEPTAR A lei especifica con claridade cales son as competencias autonómicas e cales serían en todo caso, as funcións dos concellos. Respecto as competencias estatais xa veñen establecidas na súa propia normativa. Constan regulamentos específicos na actualidade para todos os tipos de xogos regulados na norma.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Composición da Comisión de Xogo; Debe especificarse na lei a proporción ou o número de membros de cada sector afectado e incluír algún representante no eido da investigación ou dos colexios profesionais.	REXEITAR É un tema que deberá ser especificado no decreto polo que se defina a composición e funcionamento da dita Comisión de Xogo, unha vez entre en vigor a norma.
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	OBSERVATORIO galego do xogo: A lei debe contemplar a creación dun sistema de información estable, riguroso e independente que cun compoñente técnico e científico permita facer un seguimento das implicacións sociais, económicas e sanitarias	ACEPTAR Incorpórase no texto legal a creación dun Observatorio de Xogo.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	das implantación da lei.	
ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER	Xogo en liña Escasa mención do xogo en liña. Entendemos que a lei ten certo marxe legal para poder establecer medidas a nivel de xogo en liña. Proponse a creación dun grupo de traballo específico para tratar este tema.	ACEPTAR Unha vez que entre en funcionamento a nova Comisión de Xogo pode crearse un grupo de traballo para estudar as posibilidades da regulación autonómica do xogo online.
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Exposición de Motivos: Engadir algunha referencia as serias implicacións a nivel sociosanitario que converten ao xogo nun problema en termos de saúde pública.	ACEPTAR Modifícase a exposición de motivos
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Publicidade: Prohibición da publicidade en eventos, actividades e a entidades deportivas. Prohibición non so na tv durante programas infantís senón tamén en eventos deportivos e outros programas de fácil acceso a menores.	REXEITAR Será obxecto de posterior desenvolvemento regulamentario.
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Comisión de xogo de Galicia Contemplar a participación dos colexios profesionais ou persoas do eido da investigación	REXEITAR Será obxecto de posterior desenvolvemento regulamentario.
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Observatorio Galego de xogo Contemplar a creación dun Observatorio galego de xogo para realizar un seguimento das implicacións sanitarias sociais e económicas da implantación da lei	ACEPTAR Incorpórase no texto legal a creación dun Observatorio Galego de Xogo
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Distancias: Fixar unha distancia de 150 metros aos centros escolares e parques infantís dos locais de hostalaría que conten con máquinas de apostas ou recreativas instaladas.	REXEITAR Tendo en conta que se incorpora o control de acceso nas máquinas instaladas en locais de hostalaría para impedir o xogo de menores, non se considera necesario fixar tamén un réxime de distancias.
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Instalar dispositivos de control mediante activación remota por parte do encargado en locais de hostalaría tanto das máquinas recreativas como nas máquinas de apostas.	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto a obriga de contar cun dispositivo de control nas máquinas de apostas en hostalaría e nas máquinas de tipo B sempre que así sexa solicitado polo titular do establecemento
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Efecto retroactivo das distancias: Aplicar as distancias da nova lei aos locais que xa figuran instalados.	REXEITAR Non se pode aplicar o réxime de distancias con efecto retroactivo aos locais validamente instalados.
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Prevención: Incorporar medidas de prevención no eido comunitario, no educativo,	ACEPTAR PARCIALMENTE Introdúcese unha regulación en materia de prevención.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	e no sanitario	
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Garantías de cumprimento. Deben desenvolverse regulamentos específicos que garantan o cumprimento da normativa e definir a dotación para o desenvolvemento da normativa	ACEPTAR Xa existe a previsión na norma para o seu futuro desenvolvemento regulamentario
COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA	Xogo en liña Aínda que supera o ámbito competencial da Xunta de Galicia, poderíase traballar na prevención.	ACEPTAR Unha vez que entre en funcionamento a nova Comisión de Xogo pode crearse un grupo de traballo para estudar as posibilidades da regulación autonómica do xogo online.
ANPAS GALEGAS	Exposición de Motivos: Non consta unha referencia específica as implicacións sociais e ás consecuencias sanitarias do xogo especialmente nos menores de idade. Debe iniciarse a norma coa exposición da problemática que o xogo causa e o compromiso formal da Xunta de Galicia no coidado e atención desta problemática.	ACEPTAR Modifícase a exposición de motivos.
ANPAS GALEGAS	Obxecto: Consideran que o obxecto da lei debe ser a protección da sociedade, especificamente a protección da mocidade das prácticas comerciais do xogo organizado e o establecemento dunha contorna controlada na que as persoas xogadoras poidan desenvolver a súa actividade dun xeito privado.	REXEITAR Non é unha lei de prevención. É unha lei para a regulación do xogo en xeral polo que no seu obxecto específico non pode ir a protección da sociedade aínda que si pode mencionarse na exposición de motivos como un dos factores a ter en conta na regulación do xogo.
ANPAS GALEGAS	Publicidade: Considerar que debe prohibirse a publicidade como regra xeral . Debe prohibirse con carácter xeral a publicidade de xogo e apostas na radio e na tv. Debe prohibirse a publicidade tamén na prensa escrita. Debe prohibirse a publicidade nos eventos deportivos. Valoramos positivamente a realización de campañas publicitarias en positivo en calquera medio de difusión que alerten dos riscos do xogo, das adiccións e da ludopatía.	REXEITAR Será obxecto dun posterior desenvolvemento regulamentario.
ANPAS GALEGAS	Xogo responsable:	ACEPTAR

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	Falta unha definición do que se entende por xogo responsable e de como se consegue chegar a esa situación ideal, cales van ser as liñas da administración para concienciar sobre esa responsabilidade, cal vai ser a información necesaria que se vai facilitar as persoas xogadoras e cales van ser as políticas de defensa de actuacións que fomenten a ludopatía, de condutas economicamente irresponsables ou as prácticas de abandono social. Se non se concretan estes aspectos o termo xogo responsable é un concepto baleiro e estéril.	Incorpórase ao texto unha definición de xogo responsable.
ANPAS GALEGAS	Localización das salas de xogo: Fixar 500 metros de distancia dos establecementos de xogo aos centros de ensino de menores, parques infantís, centros comerciais, instalacións deportivas etc. Establecer esa distancia tamén respecto dos establecementos de hostalaría que conten con máquinas de apostas ou recreativas.	ACEPTAR PARCIALMENTE Auméntase a distancia a 300 metros respecto de centros de ensino de menores e centros de rehabilitación
ANPAS GALEGAS	Activación remota: Implantar a activación remota mediante mando das máquinas instaladas en locais de hostalaría.	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto a obriga de contar cun dispositivo de control nas máquinas de apostas en hostalaría e nas máquinas de tipo B sempre que así sexa solicitado polo titular do establecemento
ANPAS GALEGAS	Salóns de xogo e tendas de apostas: Que exista un control de acceso por persoal habilitado, que o control valide automaticamente a maioría de idade e a non inclusión no rexistro de prohibidos, que se exhiban carteis explícitos coas prohibicións de acceso e que exista un rexistro de admisións nos que queden anotados os datos dos clientes que acceden ao local.	ACEPTAR PARCIALMENTE Xa consta no texto legal a necesidade de que os salóns de xogo e as tendas de apostas conten cun control de acceso con persoal habilitado así como a obriga de exhibir carteis explícitos coas prohibicións.
ANPAS GALEGAS	Espazos de apostas: Prohibir que nos recintos deportivos e feirais podan autorizarse espazos de apostas pola elevada presenza xuvenil	REXEITAR Ao establecer un mecanismo de control nas máquinas de apostas instaladas nestes espazos xa non se considera necesaria a súa prohibición.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ANPAS GALEGAS	Outros locais: Debe exixirse que as máquinas instaladas en locais de hostalaría estean en completo silencio e situadas de xeito que as súas luces non sexan visibles para a meirande parte da clientela do local.	ACEPTAR A regulación das máquinas de xogo actual xa impide que teñan efectos sonoros e visuais.
ANPAS GALEGAS	Retroactividade. Debe aplicarse a norma a todos los locais que xa están en funcionamento cun período necesario de adaptación que poderían ser 6 meses	REXEITAR Non se pode aplicar o réxime de distancias con efecto retroactivo aos locais validamente instalados.
ANPAS GALEGAS	Distancias: A administración debe comprometerse a non edificar nin permitir ningún centro de ensino ou de rehabilitación dentro das distancias protexidas. E se xa existe un establecemento de xogo, non poderían darse permisos.	ACEPTAR Incorpórase ao texto unha previsión que recolle o contido da alegación.
ANPAS GALEGAS	Prevención: Debe existir un artigo concreto sobre a prevención especificando como se vai protexer aos colectivos mais precarios, persoas adictas e menores de idade. Debe reflectirse os principios de cooperación con outras administracións no eido social, sanitario e educativo.	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto unha regulación específica en materia de prevención.
ANPAS GALEGAS	Creación do Observatorio Galego de Xogo	ACEPTAR Incorpórase ao texto a creación dun Observatorio Galego de Xogo
ANPAS GALEGAS	Establecer a obriga de que o desenvolvemento regulamentario se faga no prazo máximo de 6 meses	REXEITAR Tendo en conta a dificultade e a problemática e implicación social da materia, non se considera suficiente o prazo indicado de seis meses.
ANPAS GALEGAS	Contemplar na lei a dotación de recursos para a posta en marcha de programas de atención á situacións de ludopatía, implicando a todos os sectores sociais.	ACEPTAR Incorpórase no texto legal a previsión de que un 25% da recadación de sancións en materia de xogo se derive a actuacións de prevención e ao financiamento do Observatorio de Xogo
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Exposición de Motivos: Engadir algunha referencia as serias implicacións a nivel sociosanitario que converten ao xogo nun problema en termos de	ACEPTAR Modifícase a exposición de motivos

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	saúde pública.	
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Publicidade: Prohibición da publicidade en eventos, actividades e a entidades deportivas. Prohibición non so na tv durante programas infantís senón tamén en eventos deportivos e outros programas de fácil acceso a menores.	REXEITAR É un tema a tratar no posterior desenvolvemento regulamentario.
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Distancias: Fixar unha distancia de 150 metros aos centros escolares e parques infantís dos locais de hostalaría que conten con máquinas de apostas ou recreativas instaladas.	ACEPTAR PARCIALMENTE Auméntase a distancia a 300 metros a centros escolares e establécese un sistema de control de acceso ás máquinas en hostalaría polo que non se considera necesario establecer tamén distancias.
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Instalar dispositivos de control mediante activación remota por parte do encargado en locais de hostalaría tanto das máquinas recreativas como nas máquinas de apostas.	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto a obriga de contar cun dispositivo de control nas máquinas de apostas en hostalaría e nas máquinas de tipo B sempre que así sexa solicitado polo titular do establecemento
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Efecto retroactivo das distancias: Aplicar as distancias da nova lei aos locais que xa figuran instalados.	REXEITAR Non se pode aplicar o réxime das distancias con efecto retroactivo aos locais validamente instalados.
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Prevención: Propón a realización dun traballo específico por expertos de sanidade, educación, mocidade e política social para incorporar no texto da lei medidas específicas de prevención a varios niveis: a) comunitario (campañas de sensibilización social) b) escolar (actualización da carteira de prevención da Subdirección xeral de fomento de programas de estilo de vida saudable) c) familiar (escolas de nais e pais da consellería de educación) d) sanitario (favorecendo un papel máis activo dos profesionais de atención primaria na detección precoz e consello breve) e) coordinación entre departamentos e administración	ACEPTAR PARCIALMENTE Será unha función do Observatorio de Xogo ou da propia Comisión de Xogo mediante a creación de grupos de traballo.
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Recursos asistencias para a asistencia á ludopatía:	ACEPTAR Incorpórase no texto a previsión

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	Contemplar na lei a inmersión de recursos en materia de asistencia á ludopatía que poida garantir unha atención aos cidadáns áxil e de calidade	de que un 25% da recadación das sancións se destine a asistencia á ludopatía e ao financiamento do Observatorio de Xogo
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Garantías de cumprimento: A lei non explicita ou clarifica suficientemente as funcións e competencias estatais, autonómicas e municipais que permitan que os cidadáns teñamos a certeza de que a lei vai ser cumprida. Esa mesma incertidume se deriva da ausencia de regulamentos específicos nalgúns apartados.	ACEPTAR A lei especifica con claridade cales son as competencias autonómicas e cales serían en todo caso, as funcións dos concellos. Respecto as competencias estatais xa veñen establecidas na súa propia normativa. Constan regulamentos específicos na actualidade para todos os tipos de xogos regulados na norma.
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Composición da Comisión de Xogo; Debe especificarse na lei a proporción ou o número de membros de cada sector afectado e incluír algún representante no eido da investigación ou dos colexios profesionais.	REXEITAR Será obxecto de posterior desenvolvemento regulamentario
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	OBSERVATORIO galego do xogo: A lei debe contemplar a creación dun sistema de información estable, riguroso e independente que cun compoñente técnico e científico permita facer un seguimento das implicacións sociais, económicas e sanitarias das implantación da lei.	ACEPTAR Introdúcese no texto a creación dun Observatorio Galego de Xogo
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	Xogo en liña Escasa mención do xogo en liña. Entendemos que a lei ten certo marxe legal para poder establecer medidas a nivel de xogo en liña. Proponse a creación dun grupo de traballo específico para tratar este tema.	ACEPTAR Unha vez que entre en funcionamento a nova Comisión de Xogo pode crearse un grupo de traballo para estudar as posibilidades da regulación autonómica do xogo online.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 8 Control de acceso Substituír a expresión “Medios técnicos e humanos” pola expresión “Medios técnicos ou humanos” xa que manter a expresión do anteproxecto suporía que o control debe facerse tanto por persoal como por medios técnicos	ACEPTAR Modifícase o texto e especifícase “medios técnicos e/ou humanos”
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 9.1 f) Se os concursantes declarados culpables, os pródigos e os incapaces non figuran no rexistro	REXEITAR O control de acceso responsabilidade do titular do establecemento é unicamente

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	de prohibidos o seu control faise imposible.	para menores e prohibidos. O resto de persoas que teñen prohibido o acceso ao xogo son responsables eles mesmos e a sanción vai dirixida contra eles non contra o titular do establecemento que non pode ter constancia da dita circunstancia.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 13.2 a) A necesidade de presentar un certificado de que as máquinas instaladas continúan en perfecto estado debe facerse unicamente en virtude de denuncia previa o como máximo unha vez ao ano.	REXEITAR A labor de comprobación da administración non pode limitarse aos supostos en que existan denuncias previas.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 14 Os criterios de adxudicación das novas autorizacións de instalación por concurso prexudica as pequenas e medianas empresas en detrimento das grandes empresas e impide que todas concorran en condicións de igualdade.	REXEITAR Os criterios de adxudicación previstos en ningún caso son discriminatorios e todas as empresas, de calquera dimensión, poden cumprilos,
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 14.4 As autorizacións deben ser indefinidas para todos, tanto as novas que se concedan como as que xa existen na actualidade, para evitar discriminacións e disparidade na vixencia das autorizacións.	REXEITAR As autorizacións en ningún caso poden ser indefinidas. Mantense a vixencia e duración das que xa están concedidas no que respecta aos establecementos de xogo pero o resto de autorizacións teñen un prazo de 2 anos para adaptar a súa vixencia.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 22.3 Solicita que poidan interconectarse tamén as máquinas tipo A Especial.	REXEITAR Non existe xustificación para interconectar as máquinas de tipo A especial.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 28.1 Os eventos sobre os que se pode apostar deben ser unicamente eventos deportivos. Non poden autorizarse apostas sobre eventos non deportivos.	REXEITAR No 2017 ampliouse a posibilidade de apostar a todo tipo de eventos e non unicamente aos eventos deportivos. O que fai o novo texto é recoller esa posibilidade que xa existe na actualidade.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 30 Debe permitirse a transmisión que permita manter a autorización e cambiar a localización do establecemento de xogo, é dicir, cambiar a localización do establecemento coa autorización existente.	ACEPTAR Modifícase o texto e especifícase a posibilidade de trasladar o establecemento de xogo.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 30.4 En contra de que os concellos poidan establecer límites en	ACEPTAR PARCIALMENTE A dita previsión xa consta na Lei de espectáculos públicos e

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	relación coa instalación de establecementos de xogo pola vía das ordenanzas e regulamentos pola inseguridade xurídica que pode provocar.	actividades recreativas de Galicia e a lei de xogo limítase a recoller idéntica posibilidade. O feito de que os concellos poidan establecer criterios nas súas propias ordenanzas non crea inseguridade xurídica de ningún tipo xa que os operadores de xogo teñen acceso a toda a normativa en vigor, tanto estatal como autonómica como municipal. De todos modos acéptase parcialmente a alegación e modifícase o texto facendo unha simple remisión ao disposto na lei de espectáculos públicos de Galicia
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 43 O réxime sancionador é demasiado duro e debe concretarse en que vai consistir a colaboración dos corpos e forzas de seguridade xa que son persoal alleo á inspección e sen coñecementos na materia.	REXEITAR De ningún xeito pode admitirse que os corpos e forzas de seguridade non teñan coñecementos na materia de xogo e aínda que así fose pode solucionarse cun curso de formación específico. A colaboración destes corpos é específica para as funcións de inspección que xa están concretadas na normativa.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 45. c) “Compoñentes e elementos para a práctica das actividades” É demasiado xenérica a infracción. Debe concretarse máis cales serían eses compoñentes e elementos. Artigo 45 f) “Carentes de marcas de fábrica” Eliminar esta infracción Artigo 45 i) “Concesión de préstamos” Debe concretar que a concesión do préstamo sexa polo operador ou polo titular do establecemento non por persoal alleo Artigo 45 j) “A achega de datos falsos para obter as correspondentes autorizacións” Non debería ser moi grave. Mellor leve ou grave. Artigo 45 e) Desproporcionado que sexa infracción moi grave	REXEITAR Non se consideran xustificadas as propostas de eliminación de infraccións nin a modificación da tipificación proposta. Considérase máis axeitada a tipificación prevista no anteproxecto pola importancia das infraccións.
FERNANDO ÁLVAREZ	Artigo 46 b) “Incumprir o aforo”	REXEITAR

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ROUCO	Debe cualificarse como leve Artigo 46 c) “Non exhibir de forma visible os carteis de prohibida a entrada de menores” Debe tipificarse como leve Artigo 46 d) “Deixar fóra de funcionamento as máquinas” Non pode ser unha infracción Artigo 46 i) “ A reparación, troco ou modificación de elementos ou dispositivos de máquinas e sistemas de xogo por empresas non inscritas no Rexistro” Non debe ser infracción	Polo mesmo argumento expresado no apartado anterior agás o referido o artigo 46 d) que en virtude doutra alegación presentada pasa a ser infracción leve.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 47 c) Basta con apagar e desenchufar a máquina. Non fai falla tamén colocar un cartel de advertencia. Artigo 47 j) “Non trasladar as máquinas de xogo aos almacéns designados nas comunicacións dilixenciadas pola administración ou trasladalas fóra de prazo” Debe concederse máis prazo para facer ese traslado e non o que fixa o regulamento de máquinas Artigo 47 l) “Que a empresa operadora non teña instalada na máquina ou no establecemento, segundo o caso, a documentación exixida preceptivamente” Eliminar esta infracción	REXEITAR Non se considera suficiente con desenchufar a máquina. O usuario debe coñecer os motivos polo que resulta imprescindible o cartel. Será obxecto de modificación do regulamento de máquinas que é o que fixa o prazo. Non se considera xustificado a eliminación desta infracción xa que considérase imprescindible que na máquina conste toda a documentación para seguridade e coñecemento dos usuarios.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Artigo 50 A sanción por infracción leve debe ser o apercibimento.	REXEITAR Considérase que as infraccións en materia de xogo precisan dun réxime sancionador no que non entraría o apercibimento como posible sanción.
FERNANDO ÁLVAREZ ROUCO	Disposición transitoria cuarta Onde di “quedan exceptuados do cumprimento das distancias os establecementos con autorización vixente no momento da súa entrada en vigor” debe dicir “os establecementos vixentes e en trámite”	ACEPTAR Queda claro que o cumprimento das distancias unicamente afectará aos establecementos cuxa tramitación se inicie unha vez que a normativa entre en vigor
ONCE	O Anteproxecto é contrario á lexislación estatal de xogo por incorporar limitacións para a instalación de terminais que permitan a participación nos xogos da lotería de SELAE e ONCE. O Anteproxecto é contrario a LRJ	ACEPTAR PARCIALMENTE Enténdese que non pode someterse a autorización a instalación de establecementos e terminais de SELAE e ONCE respecto dos xogos reservados

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	ao non recoller as súas previsións respecto da apertura de establecementos por SELAE e ONCE Debería trasladarse expresamente ao Anteproxecto o apartado cinco da DA 1ª da LRJ para evitar confusión Proposta de redacción alternativa: "A instalación de equipos ou terminais físicos accesorios do xogo e apostas on line de operadores autorizados polo Estado terá a consideración de xogo presencial, polo que so poderá levarse a cabo nos establecementos de xogo presenciais autorizados nesta lei e para os tipos de xogos permitidos en cada un deles, previa autorización administrativa do órgano competente en materia de xogo" "O procedemento e os requisitos para as ditas autorizacións establecerase regulamentariamente" "A instalación en locais de pública concorrencia de equipos ou terminais físicos que permitan a participación nos xogos da lotería de reserva estatal, así como a apertura de establecementos abertos ao público pola SELA e ONCE non requirirán autorización autonómica quedando excluídos do ámbito de aplicación da presente lei a todos os efectos, de acordo co artigo 2.2 e consonte aos termos previstos na DA 1ª da Lei 13/2011, de 27 de maio de regulación del juego"	pero mantense a necesidade de autorización autonómica para a instalación de establecementos e terminais de SELAE e ONCE relativos a xogos non reservados.
GESTIÓN DE APUESTAS GALLEGAS SL	Artigo 14.6 Proposta de redacción "Coa excepción dos establecementos mencionados no apartado seguinte, a instalación de equipos ou terminais físicos accesorios do xogo e apostas on line de operadores autorizados polo Estado e a instalación de terminais de venda ou expedición de xogos de loterías por SELA e ONCE terá a consideración de xogo presencial, polo que so poderá levarse a cabo nos	REXEITAR Considérase mais clara e constitucionalmente correcta a redacción definitiva logo da aceptación parcial da alegación da ONCE e da DGOJ.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	establecementos de xogo presencial autorizados no artigo 30 desta lei e para os tipos de xogos permitidos en cada un deles, previa autorización administrativa do órgano competente en materia de xogo. Quedan excluídos desta posibilidade os locais recollidos no artigo 39. O procedemento e requisitos para as ditas autorizacións establecerase regulamentariamente"	
GESTIÓN DE APUESTAS GALLEGAS SL	Artigo 30.4 Debe existir un rexistro oficial de centros oficiais de rehabilitación de persoas xogadoras patolóxicas para que o operador coñeza con seguridade cales son eses centros antes de presentar a súa solicitude. En caso contrario non se poden establecer distancias se non consta un listado público de cales son os ditos establecementos tal e como ocorre cos centros de ensinanza e cos establecementos de xogo. O mesmo debe dicirse respecto dos recintos deportivos e feirais.	ACEPTAR Acéptase a alegación e especifícase no texto o que se entende por centros oficiais
GESTIÓN DE APUESTAS GALLEGAS SL	Artigo 30.4 Eliminar a posibilidade de que os concellos poidan mediante ordenanzas establecer novas restricións e prohibicións.	ACEPTAR PARCIALMENTE Esta previsión xa consta na lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia con carácter xeral e a lei de xogo limítase a reproducir a dita posibilidade. Non obstante modifícase o texto e faise unha mera remisión ao disposto na lei de espectáculos públicos sobre esta materia.
GESTIÓN DE APUESTAS GALLEGAS SL	Artigo 39.5 Proposta de redacción: "Esgotado o número de 3.600 autorizacións concedidas para a instalación de máquinas auxiliares de apostas en locais de hostalaría, as máquinas autorizadas so poderán permanecer desintaladas durante un prazo continuado de 25 meses. Transcorrido o dito prazo sen que a máquina teña sido instalada de novo ó órgano competente en materia de xogo eliminará a súa autorización, sen que poda ser	REXEITAR O prazo de 25 meses é excesivo e non serve a finalidade de ir eliminando as máquinas de apostas que non estean efectivamente instaladas.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	outorgada unha nova en substitución da eliminada”	
GESTIÓN DE APUESTAS GALLEGAS SL	Artigo 48 Proposta de redacción “Especificamente a empresa comercializadora de apostas será responsable do cumprimento da obriga de incorporar na máquina auxiliar de apostas a autorización de instalación e localización, así como de mantela sempre que a máquina se atope instalada nun establecemento da súa titularidade”	REXEITAR A empresa comercializadora de apostas debe ser responsable da documentación que necesariamente deba constar na súa máquina aínda que non estea instalada nun establecemento da súa titularidade.
GESTIÓN DE APUESTAS GALLEGAS SL	Disposición derrogatoria única apartado 2 letra d) Debe derrogarse tamén a disposición adicional primeira apartado 1 e o artigo 55.2 do regulamento de apostas por ir en contra da LGUM	REXEITAR Estes aspectos do regulamento de apostas están sendo obxecto de debate nun contencioso-administrativo polo que debe esperarse á firmeza da sentenza para decidir.
GESTIÓN DE APUESTAS GALLEGAS SL	Disposición Transitoria Cuarta Proposta de redacción “Os establecementos de xogo con autorización vixente no momento de entrada en vigor desta lei quedan exceptuados nas súas posteriores renovacións do cumprimento das distancias contempladas no artigo 30 Non será de aplicación o requisito das distancias previstas na presente lei cando a apertura do centro de ensinanza, do centro oficial de rehabilitación de persoas xogadoras e do espazo de apostas en recintos deportivos e feirais sexa posterior á data da autorización do establecemento de xogo”	REXEITAR Os establecementos con autorización vixente na actualidade non serán obxecto de renovación posto que a vixencia é indefinida, polo que non se lle aplicará tampouco o novo réxime de distancias. Por esa mesma razón tampouco lles podería afectar a instalación dun centro de ensinanza posteriormente á súa autorización.
ALTAIR AQUILA SL	Solicita que se recolla a posibilidade de que se poda probar en Galicia material de xogo antes de que estea homologado.	REXEITAR É obxecto do regulamento de casinos.
ALTAIR AQUILA SL	Con respecto ás homologacións debe terse en conta aos proveedores que venden pouco material de xogo e as fianzas que se exixen e as taxas son moi elevadas e imposibles de asumir.	REXEITAR É obxecto do regulamento de casinos.
ALTAIR AQUILA SL	Panos de mini e midi punto e banca. Se existen cidadáns chinos en Galicia hai que ter en conta que	REXEITAR É obxecto do regulamento de casinos.

ALEGANTE	CONTIDO ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	non lles gusta xogar no posto 4 do punto e banca (trae mala sorte en China). Polo tanto noutras CCAA hai a posibilidade de eliminar o 4. Proponse esta posibilidade	
ALTAIR AQUILA SL	Especificar que requisitos debe ter o material que precisa homologación xa que non existe na norma galega características dos panos, nin das fichas, e resulta complicado que un laboratorio poda certificar que cumpre.	REXEITAR É obxecto do regulamento de casinos.
ALTAIR AQUILA SL	Eliminar a exixencia de fianza a proveedores de material cando o volume de negocio non supera os 1000 euros.	REXEITAR É obxecto do regulamento de casinos.

TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA

CADRO ALEGACIÓNS RECIBIDAS A TRAVÉS DO REXISTRO

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
UGT/FeSMC	Artigo 18 Integrar na Comisión de Xogo a 2 representantes dos sindicatos máis representativos do sector	REXEITAR Será obxecto de posterior desenvolvemento regulamentario
UGT/FeSMC	Artigo 32 Esixir autorización administrativa para o peche do casino calquera que sexa a súa duración e non unicamente no caso de peche por máis de 30 días	REXEITAR Non se considera xustificado aumentar a necesidade de exixir autorización administrativa para o peche do casino por prazo inferior a 30 días.
UGT/FeSMC	Artigo 32	REXEITAR

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	O mesmo que no caso anterior. Tamén debe esixirse autorización para o peche das salas de bingo calquera que sexa a súa duración.	Mantense o razoamento da alegación anterior
CLUB DE CONVERGENTES	Disposición final segunda Eliminar a dita disposición e non utilizar a lei de xogo para modificar o regulamento de máquinas recreativas	REXEITAR A modificación do regulamento de máquinas recreativas é excepcional e necesaria
CLUB DE CONVERGENTES	Disposición final segunda No suposto de manter a dita disposición, proposta de redacción do apartado a) “O prezo máximo da partida será de 20 céntimos de euro, sen que impida a súa posible división en cantidades de menor importe”	ACEPTAR Modifícase a disposición final segunda nos termos da alegación.
CLUB DE CONVERGENTES	Disposición final segunda Artigo 7 e) Permitir en todos os salóns de xogo que as máquinas recreativas non teñan que dispoñer de efectivo e que o pago dos premios se faga polo persoal do salón de xeito manual	REXEITAR Non se considera xustificada a proposta de eliminar a posibilidade de pago en efectivo ou en tickets por parte das máquinas recreativas.
CLUB DE CONVERGENTES	Disposición final segunda Artigo 7 f) Redacción alternativa (substituír deberán por poderán) “As máquinas poderán dispoñer dun mecanismo de expulsión automática dos premios ao exterior”	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da alegación proposta.
CLUB DE CONVERGENTES	Disposición final segunda Artigo 7 bis a) Proposta de redacción alternativa “O prezo máximo de cada partida será de 20 céntimos de euro sen que impida a súa posible división en cantidades de menor importe”	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da alegación proposta
CLUB DE CONVERGENTES	Disposición final segunda Artigo 8 h) Incluir el último apartado de la redacción actual que permite que estas máquinas puedan estar dotadas de prestaciones especiales en relación con sus premios e precios	REXEITAR A proposta é demasiado ambigua e non pode incorporarse xa que descoñécese a que tipo de prestacións especiais se está a referir.
CLUB DE CONVERGENTES	Disposición final segunda Artigo 8 d) Proposta de redacción alternativa “d) Moedeiros aptos para admitir moedas ou billetes de valor non superior a 250 veces o premio	ACEPTAR Acéptase a finalidade da proposta pero incorpórase ao texto con outra redacción alternativa

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	máximo autorizado por partida”	
APUESTAS DE GALICIA SA	Propón sancionar por participar nos xogos aos propios menores e aos que o teñan prohibido	REXEITAR Non se considera necesario sancionar aos menores e aos prohibidos xa que é responsabilidade do titular do establecemento impedir que participen nos xogos.
APUESTAS DE GALICIA SA	Publicidade: Incluír a obriga de que normativa de desenvolvemento en materia de publicidade se tramite no prazo de 1 ano.	ACEPTAR Incorpórase no texto a dita proposta
APUESTAS DE GALICIA SA	Solicita que as tendas de apostas poidan instalar tamén máquinas recreativas de tipo B e BE de igual xeito que nos salóns de xogo e cun máximo de 4	REXEITAR Vai en contra do sistema piramidal de xogo existente en Galicia que se pretende manter.
APUESTAS DE GALICIA SA	Permitir que as máquinas auxiliares de apostas poidan pagar os premios en metálico na propia máquina	REXEITAR Non se considera axeitado incorporar esta posibilidade nas máquinas auxiliares de apostas xa que podería incrementar a adicción ao xogo.
APUESTAS DE GALICIA SA	Derrogación da disposición adicional primeira do regulamento de apostas no apartado primeiro así como a derrogación do artigo 55,2 por ir en contra da LGUM	REXEITAR Neste momento estase discutindo esta cuestión nun contencioso-administrativo no que a Xunta de Galicia está defendendo a legalidade do dito artigo polo que debe esperarse ao resultado do contencioso que afectará directamente á vixencia dese artigo e da disposición adicional primeira polo que non procede, de momento, a súa derrogación expresa.
APUESTAS DE GALICIA SA	Dado que o novo texto legal equipara a tramitación das autorizacións de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas, solicitan que se incorpore tamén a posibilidade de que exista unha consulta previa de viabilidade para a instalación das tendas de apostas.	ACEPTAR A consulta pública previa unicamente informa sobre o tema das distancias, polo que ao equipararse no novo texto as distancias entre establecementos a consulta pública previa é válida para todo tipo de establecementos.
APUESTAS DE GALICIA SA	Disposición final primeira Artigo 35 do regulamento de máquinas – Propón que o número de máquinas que se podan instalar e explotar en salóns recreativos e de xogo sexa como mínimo de 10 máquinas dos tipos A especial, B e B especial	REXEITAR Non é obxecto de regulación nesta lei e poderase ter en conta na posterior modificación do regulamento de máquinas recreativas e de azar.

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	respectivamente.	
APUESTAS DE GALICIA SA	Derrogación da disposición adicional primeira do regulamento de apostas na súa totalidade por vulnerar a LGUM	REXEITAR Reitérase o disposto con respecto a alegación relativa á derrogación do artigo 55 do regulamento de apostas.
APUESTAS DE GALICIA SA	Derrogación do artigo 55.2 do regulamento de apostas de Galicia por vulnerar a LGUM	REXEITAR Neste momento estase discutindo esta cuestión nun contencioso-administrativo no que a Xunta de Galicia está defendendo a legalidade do dito artigo polo que debe esperarse ao resultado do contencioso que afectará directamente á vixencia dese artigo e da disposición adicional primeira polo que non procede, de momento, a súa derrogación expresa.
APUESTAS DE GALICIA SA	Propón eliminar a obriga de ter o 100% das máquinas de apostas instaladas en locais de hostalería no prazo dun ano e reducir a porcentaxe a un 80%. Manifestan unha total discriminación en comparación coas exixencias que se impoñen ás máquinas recreativas tamén instaladas en locais de hostalaría.	REXEITAR A xustificación da medida é ir reducindo progresivamente o parque de máquinas de apostas en locais de hostalaría polo que resulta necesaria a obriga imposta no texto legal para adaptar realmente a oferta e a demanda.
APUESTAS DE GALICIA SA	Artigo 38 Permitir os cambios de localización dos establecementos de xogo en xeral de igual xeito que pasa coas salas de bingo para evitar desigualdades entre establecementos e sometelos a autorización previa.	ACEPTAR Incorpórase no texto a posibilidade de trasladar os establecementos de xogo
APUESTAS DE GALICIA SA	Artigo 14 Manter o silencio positivo na tramitación dos expedientes de autorización de establecementos de xogo.	REXEITAR Tal e como ven especificado na exposición de motivos, a especial protección da saúde e seguridade das persoas consumidoras dos xogos, a garantía da orde pública e impedir o fraude na actividade do xogo son razón de interese xeral que xustifican os efectos desestimatorios do silencio administrativo.

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ABIGA	Artigo 2 Eliminar a figura dos bingos sociais permitindo o xogo do bingo unicamente nos establecementos autorizados	REXEITAR Non existe xustificación para eliminar a figura dos bingos sociais que reunindo os requisitos esixidos no artigo 2 quedarían excluídos do ámbito de aplicación desta lei.
ABIGA	Artigo 4 Eliminar a expresión "asistencia financeira" xa que resulta ambigua e introduce confusión.	ACEPTAR Modifícase o texto legal
ABIGA	Artigo 8 Control de acceso Modificar a redacción do seguinte xeito: "por medios técnicos e/ou humanos"	ACEPTAR Modifícase o texto e incorpórase a expresión "medios técnicos e/ou humanos"
ABIGA	Artigo 13.2.f) Eliminar a prohibición de reserva de máquina por entender que entra dentro da liberdade de empresa	REXEITAR A reserva de máquinas a determinados clientes supón un engano para o resto de usuarios do establecemento.
ABIGA	Artigo 33.5 Propón modificar a ratio de máquinas recreativas a instalar nos bingos a razón de 1 máquina por cada 15 persoas	REXEITAR Non se considera necesario neste momento incrementar a ratio de máquinas de xogo permitidas nos bingos.
ABIGA	Artigo 46 d) Eliminar como falta o feito de reservar as máquinas aos clientes.	ACEPTAR PARCIALMENTE Considérase que é unha conduta sancionable e polo tanto debe estar tipificada, pero modifícase a súa tipificación e pasa a ser infracción leve.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 4 Políticas de xogo responsable Artigo 13.2.k Eliminar en ambos preceptos a prohibición de prestar asistencia financeira pola confusión que pode crear o uso dese termo.	ACEPTAR Modifícase o texto legal
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 8 Control de acceso Modificar a expresión "mediante medios técnicos e humanos "pola expresión "mediante medios técnicos e/ou humanos"	ACEPTAR Modifícase o texto e incorpórase a expresión "medios técnicos e/ou humanos"

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 13 Eliminar a prohibición de reservar a máquina a determinados clientes e consideran de imposible cumprimento o feito de ter que comunicar a causa xustificada a administración	REXEITAR Considérase que é unha conduta que debe ser prohibida e que a existencia de causa xustificada debe ser comunicada a efectos de que poida ser controlada e comprobada pola administración.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 46 Eliminar como infracción o feito de reservar as máquinas a determinados clientes	ACEPTAR PARCIALMENTE Considérase que é unha conduta sancionable e debe ser tipificada pero modifícase o texto e pasa a ser infracción leve.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 14.2 réxime de autorizacións Solicita eliminar a necesidade de que as autorizacións de todos os establecementos de xogo se fagan por concurso público. Propón que os establecementos de xogo que se extingan non podan ser obxecto de novas adxudicacións reducindo o número máximo destes establecementos. Considera tamén que o apartado h) dos supostos de valoración do concurso non sería de aplicación no caso dos casinos.	REXEITAR Considérase que o concurso público e o sistema que garante maior seguridade xurídica as empresas interesadas.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 14.4 Aumentar o prazo dun mes a seis meses. As autorizacións se extinguirán transcorrido o prazo de 6 meses a contar desde o cese do feito obxecto da actividade.	ACEPTAR PARCIALMENTE Modifícase o texto para incorporar a expresión sen causa xustificada previamente aceptada polo órgano competente en materia de xogo.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 14.4 Substituír a expresión “poderán ser renovadas” por “deberán ser renovadas”	REXEITAR En ningún caso a renovación pode ser unha obriga para a administración.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 18 Comisión de xogo Solicitan que se engada o prazo de 15 días para emitir informe	REXEITAR Será obxecto do decreto polo que se regule a composición e funcionamento da Comisión de Xogo.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 30 establecementos de xogo Modificación proposta: Que se indique que as autorizacións deberán ser renovadas sempre que se manteñan os requisitos exixidos na autorización inicial e nas modificacións autorizadas posteriormente.	REXEITAR A renovación nunca poderá ser unha obriga para a administración que deberá ter en conta a normativa existente no momento da súa renovación.

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 30. 3 Eliminar a prohibición de que os establecementos de xogo non podan estar comunicados entre sí.	REXEITAR Os establecementos de xogo deben ser locais totalmente separados e diferenciados uns de outros de xeito que non poden compartir servizos, xa que teñen regulacións diferentes.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 30.4 Eliminar a medición radial e manter a medición actual a pé xa que a medición radial pode chegar a triplicar a distancia entre establecementos.	REXEITAR A medición radial ofrece maiores garantías tendo en conta os intereses xerais que se pretenden salvagardar.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 30.4 Eliminar a posibilidade de que os concellos poidan establecer novos requisitos nas súas ordenanzas por consideralo inconstitucional.	ACEPTAR PARCIALMENTE Xa consta na lei de espectáculos e non foi obxecto de ningún recurso de inconstitucionalidade. Non obstante modifícase a redacción e faise unha simple remisión ao disposto na lei de espectáculos públicos sobre esta materia.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 30 Incorporar un novo apartado 8 – Establecementos de xogo “Nestes establecementos serán admisibles calesquera medios de cobro e pago legalmente admitidos”	REXEITAR Non se considera xustificada tal previsión e non procede a súa inclusión neste concreto artigo.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 31 Casinos Especificar que os casinos deberán contar cun control de acceso e un rexistro de admisión nos termos que se establezan regulamentariamente.	REXEITAR Non se considera necesaria tal previsión xa que o artigo relativo ao control de acceso xa especifica que será necesario en todos os establecementos de xogo co que resultaría reiterativo. En canto ao rexistro de admisión é materia propia do desenvolvemento regulamentario
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 38 – Modificacións (Proposta 1) Matizar o que se entende por alteración substancial no senso de considerar como tal as que supoñan unha ampliación ou diminución da superficie útil da sala ou do espazo de xogo.	REXEITAR Considérase suficiente a matización do artigo que especifica con claridade o que se entende por modificación substancial e non substancial.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 38 – Engadir un novo apartado “Requirirán autorización previa: a) os cambios de localización do	ACEPTAR Poden considerarse modificacións substanciais e polo tanto requirir

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	salón de xogos e da tenda de apostas b) o peche do salón de xogos, da tenda de apostas ou do espazo de apostas por máis de 30 días consecutivos agás que o período de funcionamento se limite a unha tempada concreta segundo a autorización c) a transmisión da autorización de instalación”	autorización os supostos a) b) e c) que proceden a incorporarse ao texto legal.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 45 Infraccións moi graves Engadir no apartado a) “sempre que non constitúa infracción grave ou leve”	REXEITAR A conduta unicamente está tipificada como falta moi grave polo que non existe coincidencia con outras graves ou leves
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 45 f) Considerar a infracción como leve sempre que a máquina se atope instalada en locais de hostalaría porque a empresa operadora non pode controlar que a máquina continúe en perfecto estado unha vez que a instala nun establecemento deste tipo	REXEITAR E obriga da empresa comprobar periodicamente que a máquina instalada no local de hostalaría se atopa en perfecto estado.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 46 Infracción grave Engadir unha nova letra m) “O acceso fraudulento aos establecementos de xogo ou aos xogos mesmos por parte daquelas persoas que de acordo ao previsto nesta lei o teñan prohibido”	REXEITAR Non se considera unha conduta sancionable pola administración. En todo caso sería obxecto dunha infracción penal.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Disposición Transitoria Primeira Engadir “e ao disposto no artigo 30 apartado 3 in fine e apartado 4” Propón que o prazo de 2 anos para adaptar os establecementos de xogo non se aplique ao límite das distancias nin ao feito de que os establecementos non podan estar comunicados.	REXEITAR Xa queda claro na disposición transitoria cuarta respecto do tema das distancias e respecto a que os establecementos non poidan estar comunicados non pode admitirse a alegación xa que a normativa actual tampouco permite a dita posibilidade.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Disposición transitoria terceira Substituír a redacción actual “a súa posterior renovación ou prórroga someterase ao cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento” pola redacción seguinte “A duración da súa posterior renovación ou prórroga someterase ao establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento”	REXEITAR Non se aprecia diferencia na proposta con respecto á redacción do anteproxecto e considérase moito máis clara a redacción deste último polo que mantense sen modificación.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Disposición transitoria terceira Engadir un novo apartado	ACEPTAR PARCIALMEMENTE Modifícase o texto e incorpórase

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	“Os traslados ou cambios de localización de establecementos de xogo cuxas autorizacións fosen outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei, manterán o réxime de distancias entre establecementos de xogo da mesma clase contemplado nos seus respectivos regulamentos vixentes no momento en que as ditas autorizacións foron concedidas”	un novo sistema de distancias para os cambios de situación dos establecementos.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Nova disposición adicional Engadir “Disposición adicional quinta . Distancias entre establecementos de xogo e autorizacións de casinos de xogo outorgadas por concurso público. Non será de aplicación o réxime de distancias entre establecementos de xogo contemplado no artigo 30 apartado 4 á instalación de casinos de xogo cuxas autorizacións sexan outorgadas por concurso público nin aos cambios de emprazamento dos casinos de xogo que conten con autorización vixente no momento da entrada en vigor da lei, nin as súas solicitudes de salas adicionais ...”	ACEPTAR PARCIALMENTE O réxime de distancias aplicable ás novas solicitudes será o que realmente exista no momento en que as ditas solicitudes se presenten e sexan tramitadas. Aplícase un sistema distinto de distancias para os cambios de situación dos establecementos de xogo.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 9 - Prohibicións Apartado e) Substituír a expresión “titulares dos locais” por “titulares das autorizacións de xogo dos locais”	REXEITAR A prohibición acada aos titulares dos locais xa que os titulares das autorizacións xa están mencionados no apartado c)
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 31 Casinos Solicitamos titular o artigo Casinos de xogo para diferencialos dos casinos culturais que existen en todas as cidades	REXEITAR Non se considera necesario xa que non existe confusión posible entre ambos establecementos.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 32 – Modificacións dos casinos Apartado 1 – Os días de peche deberán ser naturais non hábiles Artigo 34.1 salas de bingo – Debe especificar que os días son naturais non hábiles	ACEPTAR Procédese a modificar os artigos no sentido da proposta.
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Bingos – Artigo 33.6 “Corrixir bingos por salas de bingo”	ACEPTAR Procédese a modificar o artigo no sentido da proposta
ASEGA	Artigo 35 Salóns de xogo	ACEPTAR

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
CASINO DEL ATLÁNTICO	Incluír na definición que tamén se poden explotar máquinas de apostas	Procédese a modificar o artigo no sentido da proposta
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 39 Engadir o termo máquinas auxiliares de apostas	ACEPTAR Procédese a modificar o artigo no sentido da proposta
ASEGA CASINO DEL ATLÁNTICO	Artigo 40 Especificar empresas comercializadoras e explotadoras de apostas	ACEPTAR Procédese a modificar o artigo no sentido da proposta
AGEO	Planificación As medidas planificadores deberían establecerse nun concreto decreto de planificación e non nunha lei.	REXEITAR Pola importancia da medida considérase necesario que os límites da planificación estean fixados nun texto legal sen prexuízo de que regulamentariamente se concreten as medidas de planificación que se consideren respectando os ditos límites legais.
AGEO	Artigo 4.4 Políticas de xogo responsable: Proposta de redacción “Os axentes de xogo non poderán conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito ás persoas participantes” Suprimir “asistencia financeira, bonificacións, partidas gratuítas ou elementos que se poidan trocar por diñeiro”	ACEPTAR PARCIALMENTE Modifícase o artigo aceptando a eliminación de asistencia financeira.
AGEO	Artigo 8 Control de acceso Modificar no apartado 1 “medios técnicos e humanos” por “medios técnicos ou humanos” Eliminar o apartado 4 (necesidade de habilitación do persoal de control de acceso) Substituír o apartado 5 polo seguinte “As funcións de identificación e rexistro de usuarios poderán ser realizadas mediante a implantación dun sistema técnico que garanta de modo fehaciente a identidade das persoas previa autorización do órgano competente en materia de xogo, de conformidade cos requisitos e condicións que se establezan regulamentariamente”	ACEPTAR Substitúese a expresión por “medios técnicos e/ou humanos”
AGEO	Artigo 13.2 a) Proposta de redacción “Facilitar	ACEPTAR PARCIALMENTE

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	ao órgano competente en materia de xogo, a información que este solicite para o cumprimento das súas funcións de control, coordinación e estatística en virtude da normativa reguladora de aplicación." b) Eliminar do apartado b) a expresión "sen causa xustificada debidamente comunicada ao órgano competente en materia de xogo" c) Eliminar a prohibición de conceder asistencia financeira, bonificacións, partidas gratuítas ou elementos canxeables por diñeiro e substituír empresas de xogo por axentes de xogo.	Non se considera necesaria tal precisión. Descoñécese a que normativa reguladora de aplicación se están a referir. É necesario a existencia dunha causa xustificada para apagar a máquina e a dita causa debe ser comunicada a administración para o axeitado exercicio das labores de comprobación e inspección. Acéptase a eliminación da expresión asistencia financeira pola súa ambigüidade pero rexéitase o resto da alegación por non consideralo procedente.
AGEO	Artigo 14.2. ELIMINAR autorizacións por concurso e lotaría instantánea "No caso do xogo da lotaría instantánea electrónica concederase autorización a unha soa empresa no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión e explotación mercantil do dito xogo"	ACEPTAR Elimínase o xogo da lotaría instantánea
AGEO	Artigo 14.3 Ampliar o prazo dun mes previsto neste apartado a un ano por consideralo excesivamente reducido	REXEITAR Considérase axeitado o prazo dun ano en consideración á finalidade pretendida pola norma.
AGEO	Artigo 18.3 – Comisión de Xogo Considera que o informe da Comisión debe ser preceptivo e vinculante nos seguintes casos (disposicións de carácter xeral relativas ao desenvolvemento da lei e do catálogo, medidas de planificación, propostas de altas e baixas e modificacións do catálogo de xogos). Debe emitirse no prazo máximo de 15 días desde que teña entrada na secretaría da Comisión a solicitude. Solicita modificar a redacción do texto no último apartado (evacuar calquera informe ou consulta que sexa	REXEITAR Será obxecto do posterior desenvolvemento regulamentario

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	solicitado consonte o apartado 2º)	
AGEO	Artigo 22.1 b) Propón eliminar a clasificación de máquinas B especial e crear unha nova clasificación de máquinas B, diferenciando entre B1 e B2	REXEITAR Non se atopa xustificación para modificar a clasificación actual de máquinas B e BE e introducir unha nova.
AGEO	Artigo 22.3 Propón a modificación deste apartado tendo en conta a eliminación da diferenciación entre máquinas B e BE	REXEITAR Non procede xa que non se elimina a clasificación entre máquinas B e BE
AGEO	Artigo 27 – Xogo de lotarías e boletos Propón a eliminación deste artigo	ACEPTAR Modifícase o texto legal
AGEO	Artigo 28 Propón a eliminación das apostas que non impliquen competición.	REXEITAR Non se xustifica a medida e non se considera necesaria a eliminación de ningún tipo de apostas.
AGEO	Artigo 30 – Establecementos de xogo Propón o mantemento da situación actual. Que as distancias sexan medidas de xeito lineal e non radial e que os 300 metros de distancia sexan entre establecementos da mesma tipoloxía.	REXEITAR Considérase moito máis adecuada a medición radial e non pode existir discriminación en materia de distancias entre establecementos de xogo.
AGEO	Artigo 33 apartado 5 – Salas de bingo Modificación do apartado tendo en conta a eliminación da diferenciación entre máquinas B e BE	REXEITAR Non se elimina a diferenciación entre máquinas B e BE
AGEO	Artigo 35 Propón a instalación nos salóns de xogo da modalidade do bingo electrónico. Admitir a posibilidade de que nos salóns de xogo podan existir máquinas de apostas. Eliminar a referencia aos terminais da lotaría instantánea electrónica. Propón que os salóns de xogo teñan servizo de hostalaría sen control de acceso. Propón engadir no apartado 3 que a autorización de instalación debe ser outorgada polo organismo competente en materia de xogo da Xunta de Galicia	ACEPTAR PARCIALMENTE Que os salóns podan dispoñer de máquinas de apostas e que a autorización sexa expedida polo organismo competente en materia de xogo. Elimínase a referencia aos terminais da lotaría instantánea electrónica. Non se considera axeitado permitir nos salóns de xogo a modalidade do bingo electrónica xa que vai en contra do sistema piramidal de xogo que inspira toda a regulación. O control de acceso debe ser ao establecemento e non aos distintos servizos complementarios que presta.
AGEO	Artigo 38.1 - Modificacións Propón que se exixa autorización para a transmisión da autorización	ACEPTAR Modifícase o texto e especifícase a posibilidade de traslado de

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	de instalación e para os cambios de localización do salón de xogo.	establecementos de xogo
AGEO	Artigo 40.5 - Empresas Eliminar o apartado 5 relativo as empresas da lotaría instantánea electrónica	ACEPTAR Modifícase o texto legal
AGEO	Artigo 41.4 – Fianzas Solicita unha nova redacción do apartado 4 nos seguintes termos: “As fianzas permañecerán vixentes ata que o órgano competente en materia de xogo autorice a súa cancelación nas condicións que se establezan regulamentariamente”	REXEITAR A vixencia das fianzas está clara e non precisa desenvolvemento regulamentario.
AGEO	Artigo 43 – Inspección Eliminar a posibilidade de que os corpos e forzas de seguridade colaboren nas tarefas de inspección.	REXEITAR Non se considera xustificada a alegación e non se entende a negativa a que os corpos de forzas de seguridade poidan colaborar nas funcións da inspección.
AGEO	Artigo 45 a) Incorporar no apartado a) a expresión “sempre que non constitúa falta grave ou leve”	REXEITAR Non resulta necesario xa que non hai coincidencia na tipificación da infracción
AGEO	Artigo 45 f) Propón que pase a ser infracción leve a explotación de máquinas de xogo carentes das marcas de fábrica ou a súa alteración ou inexactitude.	REXEITAR Considérase que a explotación de máquinas carentes da marca de fábrica ou alterada é unha infracción mo grave pola súa importancia.
AGEO	Artigo 46 d) Eliminar a necesidade de que a reservas das máquinas de xogo teña que ser por causa xustificada comunicada ao órgano competente en materia de xogo	REXEITAR As máquinas non poden reservarse a determinados clientes en ningún caso. O que debe comunicarse a administración non é a reserva, xa que non é posible, senón o feito de que a máquina se apague por causa xustificada como pode ser unha avaría, e precisamente para que a administración poida comprobar que realmente non foi apagada para reservala a clientes determinados.
AGEO	Artigo 46 i) Eliminar esta infracción. (A reparación, cambio ou modificación de elementos ou dispositivos de máquinas e sistemas de xogo por empresas	REXEITAR Considérase que a reparación das máquinas ou modificación dos elementos de xogo unicamente pode ser realizada por empresas debidamente inscritas no Rexistro

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	non inscritas no Rexistro de empresas de máquinas de xogo)	de empresas de máquina de xogo na sección correspondente.
AGEO	Artigo 47 b) Propón unha nova redacción "A explotación de máquinas de xogo sen estar dispoñible a documentación exixida preceptivamente"	REXEITAR Non se pode aceptar. Debe quedar claro onde debe estar a documentación da máquina xa que se trata dun procedemento sancionador e os principios de tipicidade e de culpabilidade deben respectarse en todo caso. Sería moi complicado aplicar estes principios se non se especifica onde debe estar dispoñible a documentación e quen debe ser o responsable.
AGEO	Artigo 50.2 Propón que a imposición de sancións accesorias unicamente poida realizarse pola comisión de 3 ou máis infraccións moi graves no prazo de 1 ano no mesmo establecemento.	REXEITAR Non se considera apropiada a modificación proposta.
AGEO	Disposición derrogatoria única Derrogar o artigo 8 do Catálogo relativo ao xogo da lotaría	REXEITAR Terá lugar esta modificación cando se realice a adaptación do Catálogo de xogos ao novo texto legal.
AGEO	Disposición final segunda Modificación ao artigo 7 Eliminar a posibilidade de partidas a 0,50 Permitir nos salóns de xogo, casinos e bingos a utilización de tarxetas electrónicas de pago ou reintegro de entidades financeiras a través dun sistema electrónico homologado. Permitir que o contador de créditos da máquina permita unha acumulación de 500 veces o prezo máximo autorizado nas máquinas B1	ACEPTAR PARCIALMENTE Acéptase a eliminación de partidas a 0,50 euros. Xa existe na normativa actual a posibilidade de utilizar tarxetas electrónicas de pago previo homologadas polo servizo de xogo. Non se considera procedente na actualidade incorporar esa modificación.
AGEO	Disposición final segunda Artigo 7 bis Modificación do artigo partindo da eliminación da tipoloxía de máquinas BE e a nova diferenciación de máquinas B2. Eliminar as partidas a 0,50	REXEITAR Non se acepta a modificación da clasificación entre máquinas B e máquinas BE existente na actualidade.

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
AGEO	Disposición final segunda Artigo 8 Eliminar o apartado d) para permitir que existan máquinas que non funcionen con moedas ou billetes	ACEPTAR Xa existe na actualidade a posibilidade de máquinas que non funcionan con moedas senón con tarxetas de pago previo ou outro sistema homologado.
AGEO	Disposición final terceira Regulamento de apostas Propón a modificación do artigo 55 nos seguintes termos: "A autorización de instalación e localización terá o mesmo período de vixencia que libremente acorden o titular do establecemento, a empresa titular da autorización de comercialización e explotación de apostas e a empresa operadora de máquinas B"	REXEITAR Non se considera pertinente a redacción proposta tendo en conta a existencia dun contencioso que pode deixar sen efecto a regulación desa materia establecida no regulamento de apostas.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 3.2 Modificar a redacción nos seguintes termos Redacción do texto "... non fomentando o hábito do xogo e reducindo os seus efectos negativos" pola seguinte "non fomentando o hábito do xogo patolóxico, irresponsable ou compulsivo e reducindo os seus efectos negativos"	REXEITAR Considérase necesario evitar o fomento do xogo en calquera das súas modalidades
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 4.4 Eliminar a expresión "asistencia financeira" xa que pode crear confusión	ACEPTAR Modifícase o texto para introducir esa proposta.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 8.1 Substituír a expresión "mediante medios técnicos e humanos" pola expresión "mediante medios técnicos ou humanos"	ACEPTAR Modifícase o texto e establécese a expresión "medios técnicos e/ou humanos"
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 13.1 b) Incluír tamén a expresión "oportunidade" de xeito que a redacción sería a seguinte "Adoptar as medidas que consideren pertinentes para garantir o funcionamento do establecemento en condicións de seguridade, calidade e oportunidade"	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da proposta
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 13.1 c) Engadir o seguinte "así como para prever e perseguir condutas fraudulentas no desenvolvemento do xogo e para facer valer as condicións de acceso a que á	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da proposta

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	empresa condicione o seu dereito de admisión”	
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 13.2 f) Eliminar a prohibición de reservar aos clientes as máquinas de xogo	REXEITAR Considérase que o feito de reservar as máquinas aos clientes é unha conduta que non pode permitirse.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 14. 4 Propón que o cese da actividade sexa definitivo para aplicar a extinción da autorización	ACEPTAR PARCIALMENTE Modifícase e aclárase o artigo
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 30.4 Propón que se clarifiquen as competencias dos concellos para poder establecer ulteriores exixencias aos establecementos de xogo e que se especifique que o réxime sancionador en materia de xogo queda exclusivamente limitado á competencia autonómica.	REXEITAR Non se precisa aclaración xa que as competencias están perfectamente claras na norma. O texto do anteproxecto especifica quen é o órgano competente para sancionar no que respecta as infracción tipificadas nesta lei. En todo caso os concellos son competentes para sancionar tamén no que respecta a súa competencia en materia de establecementos abertos ao público nos que entran tamén os establecementos de xogo.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 39.4 Propón que se teñan en conta para o cómputo do ano circunstancias que imposibiliten a instalación da máquina de apostas no concreto local como poden ser vacacións, obras ou baixas.	REXEITAR Considérase suficiente o prazo establecido dun ano, tendo en conta que para cando a lei entre en vigor xa teñen transcorridos 2 anos como mínimo, desde que se concederon as autorizacións.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 39.6 Consideran moi reducido o prazo dun mes para comprobar a efectiva instalación das máquinas e propoñen aumentar o dito prazo así como especificar como vai ser realizada a dita comprobación	REXEITAR O prazo dun mes considérase suficiente para a comprobación por parte da Administración da efectiva instalación das máquinas.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 45 m) Propón a eliminación deste apartado e a súa incorporación no apartado anterior por tratarse das mesma conduta tipificada.-	REXEITAR Non se aprecia a identidade de supostos alegada polo que non se acepta a proposta.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 46 d) Eliminar a necesidade de que a reserva das máquinas teña que ser por causa xustificada comunicada ao órgano competente en materia de xogo	ACEPTAR PARCIALMENTE Reiteramos o xa especificado para este suposto en anteriores alegacións e modifícase o texto pasando a ter a consideración de infracción leve
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 48 Non consideran que a empresa de	REXEITAR A empresa de apostas debe ser a

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	apostas poida ser responsable do cumprimento da obriga de incorporar e manter na máquina a autorización de instalación e localización,	única responsable de que o produto que explota cumpra con todos os requisitos legais e que a documentación exixida conste efectivamente incorporada na máquina. O contrato privado que manteña co titular do establecemento debe ter en conta esta circunstancia.
LUCKIA RETAIL SA	Artigo 50 Propoñen a posibilidade de que o órgano competente poida rebaixar os límites mínimos das sancións moi graves e graves cando resulten desproporcionadas atendendo as circunstancias.	REXEITAR Os límites mínimos non poden ser obxecto de rebaixa. As circunstancias que concorran en cada caso servirán para valorar a imposición da sanción no seu límite mínimo ou máximo pero nunca para impoñer sancións por debaixo deses límites considerados mínimos.
ORENES JUEGOS Y APUESTAS SL	Eliminar o xogo da lotaría instantánea electrónica por considerar que non é o momento social oportuno para introducir un novo xogo no catálogo	ACEPTAR
ORENES JUEGOS Y APUESTAS SL	Control de acceso Propoñen a eliminación do límite de aposta máxima do artigo 37 do regulamento de apostas	REXEITAR Non se considera xustificada esta proposta e non existe motivación ningunha para aumentar os límites das apostas na actualidade o que podería incrementar a adicción.
ORENES JUEGOS Y APUESTAS SL	Ampliación de eventos obxecto de apostas a supostos deportivos e non deportivos.	ACEPTAR Xa está incorporado no texto e xa consta tamén na normativa actual.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 1 Consideran que non pode ser xogo presencial o que se realiza a través de canles electrónicos, telemáticos, informáticos, interactivos ou de comunicación a distancia sen prexuízo de que a Comunidade Autónoma teña competencia para regular a súa instalación.	REXEITAR Non estamos de acordo con dita apreciación e enténdese que os terminais instalados en locais deben ser considerados como xogo presencial.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 14.6 Tampouco pode considerarse xogo presencial a instalación de equipos ou terminais físicos accesorios do xogo e apostas on line de competencia estatal, sen prexuízo de que a Comunidade Autónoma poda regular a súa instalación.	REXEITAR Tamén discrepamos desta apreciación e entendemos que os ditos terminais en canto consten instalados nun local ou establecemento de xogo deben ter a consideración de xogo presencial
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 3.2 Concretar o artigo do seguinte xeito “non fomentando o hábito do	REXEITAR Considérase necesario non fomentar o hábito do xogo en

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	xogo patolóxico, irresponsable ou compulsivo” A redacción do anteproxecto unicamente fai referencia ao fomento do hábito do xogo.	calquera das súas modalidades.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 6.2 Propón que o Rexistro de Prohibidos sexa o mesmo para todos os subsectores de xogo	ACEPTAR O rexistro de prohibidos xa é o mesmo para todos os subsectores do xogo ao igual que pasa na actualidade.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 10.4 Eliminar o apartado 4 que recolle o xogo de boletos	ACEPTAR
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 13.2 f) Eliminar a obriga de que se teña que comunicar o feito de que unha máquina quede fóra de servizo	REXEITAR É imprescindible a dita comunicación para que o órgano competente en materia de xogo poda efectuar as comprobacións pertinentes.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 14.2 Clarificar se a autorización por concurso vai aplicarse a todos os subsectores do xogo e eliminar calquera referencia á lotaría instantánea electrónica.	ACEPTAR PARCIALMENTE Xa consta con claridade na norma que o réxime de concurso se aplicará a todos os establecementos de xogo xa que todos están limitados. Non se considera necesario nin xustificado eliminar o xogo da lotaría instantánea electrónica.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 14.3 Aplicar o silencio positivo nas resolucións de autorizacións de establecementos de xogo.	REXEITAR A especial protección da saúde e seguridade das persoas consumidoras dos xogos, a garantía da orde pública e impedir o fraude na actividade do xogo, son razóns imperiosas de interese xeral que xustifican os efectos desestimatorios do silencio administrativo.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 14.4 Especificar que o cese da actividade debe ser definitivo e non por causas como o peche do local por obras ou vacacións.	ACEPTAR Modifícase o texto para incorporar esta matización.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 18 Especificar que na Comisión de xogo estean representados todos os subsectores de xogo incluídas as apostas	ACEPTAR Xa se entende incorporada no apartado b) xa que as empresas de apostas son unha das organizacións empresariais máis representativas do sector dos xogos.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 23.5 e 28.4 Propón que as modificacións non substanciais sexan por	REXEITAR Resulta imprescindible o informe do laboratorio acreditativo de que

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	declaración responsable acompañada da memoria e o xustificante da taxa	a modificación é non substancial
CODERE APUESTAS GALICIA SAUCODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 27 Eliminar a referencia ao xogo de boletos e lotaría	REXEITAR É un xogo regulado na normativa actual e non se atopa xustificación ningunha para elimínalo.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 30 Solicitan que as medicións sexan feitas tendo en conta a distancia e pe ou poligonal e non radial	REXEITAR Non se acepta a proposta xa que considérase moito máis efectiva unha medición radial
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 30 Eliminar a posibilidade de que os concellos podan establecer maiores requisitos.	ACEPTAR PARCIALMENTE É unha facultade que xa teñen atribuída os concellos pola lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e a lei de xogo limítase a reiterar a dita posibilidade en relación cos específicos establecementos de xogo. Non obstante modifícase a redacción do precepto facendo unha simple remisión ao disposto na lei de espectáculos públicos sobre a materia.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 35 Eliminar a posibilidade de que nos salóns de xogo existan terminais da lotaría instantánea	ACEPTAR
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 39.3 Eliminar a obriga de que nos locais de hostalaría existan follas de reclamacións específicas de xogo e que sexa responsabilidade da empresa operadora	ACEPTAR Xa consta recollido así na norma
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Artigo 50 Solicita que as sancións de carácter accesorio unicamente poidan impoñerse no suposto de infraccións moi graves	REXEITAR Non se considera procedente a estimación desta alegación.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Disposición transitoria terceira Engadir que non se aplicarán as distancias establecidas nesta lei aos supostos de renovacións sucesivas das autorización para a instalación de establecementos de xogo	REXEITAR As autorizacións de establecementos de xogo teñen todos vixencia indefinida polo que non serán en ningún caso obxecto de renovación. En canto aos novos establecementos que se poidan autorizar deberán respectar as distancias que rexan no momento en que se tramiten as correspondentes solicitudes.
CODERE APUESTAS GALICIA SAU	Disposición derradeira terceira Manter o silencio positivo na	REXEITAR Reitérase o anteriormente exposto

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	tramitación da autorización de instalación de tendas de apostas	respecto desta mesma alegación.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 4 – Políticas de xogo responsable Suprimir a prohibición de prestar asistencia financeira e de conceder bonificacións	ACEPTAR PARCIALMENTE Elimínase por ambigua a expresión asistencia financeira
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 5 Publicidade Substituír "prensa escrita" por "medios de comunicación"	REXEITAR Non se acepta. Será obxecto de maior concreción no posterior desenvolvemento regulamentario
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 8 – Control de acceso Substituír "mediante medios técnicos e humanos" por "mediante medios técnicos ou humanos"	ACEPTAR Modifícase o texto "medios técnicos e/ou humanos"
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 8 – Control de acceso Substituír "deberán impedir" por "deberán exercer o control de acceso ás seguintes persoas"	REXEITAR Non se considera procedente aceptar a alegación xa que desvirtúa a finalidade do artigo.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 8 – Control de acceso Eliminar a necesidade de que o persoal de control de acceso teña que ter unha determinada habilitación	REXEITAR É unha obriga que xa ven imposta pola lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e que xa se aplica na actualidade.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 8 Control de acceso Propoñen que o control de acceso sexa unicamente para impedir o xogo pero non para impedir a entrada no establecemento	REXEITAR O control de acceso por propia definición é para impedir o acceso aos establecementos non para impedir o xogo.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 8.5 Control de acceso Propoñen engadir "ou a carga periódica da dita información".	REXEITAR A consulta ao rexistro de prohibidos debe ser en tempo real e non mediante cargas periódicas que poida realizar o establecemento xa que o rexistro actualízase diariamente.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 9. Réxime de prohibicións Substituír "titulares dos locais" por "titulares das autorizacións de xogo dos locais"	REXEITAR Non se acepta a alegación xa que os titulares das autorizacións xa están mencionados no apartado b)
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 13 a) Dereitos e obrigas Eliminar a obriga das empresas de presentar certificado de laboratorio acreditativo do bo funcionamento das máquinas. Consideran que a dita comprobación debe facerse por parte da Administración	REXEITAR Con independencia das labores de comprobación e control que correspondan a Administración, as empresas de xogo teñen a obriga de presentar toda a documentación que se lles solicite e que contribúa á realización das correspondentes funcións de control.
SPORTIUM APUESTAS	Artigo 13 f) Suprimir a obriga de	REXEITAR

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
GALICIA SLU	comunicar a administración a causa xustificada que permita manter as máquinas fóra de servizo	Reiteramos o xa exposto con anterioridade con respecto a esta mesma alegación.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 13 k) Suprimir “asistencia financeira” e suprimir a prohibición de conceder bonificacións, partidas gratuítas, elementos canxeables por diñeiro	ACEPTAR PARCIALMENTE Elimínase a referencia a asistencia financeira.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 14 Suprimir a referencia ao xogo da lotaría instantánea electrónica	ACEPTAR
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 14 Aclarar se o concurso público afectará tamén as autorizacións de instalación de máquinas en locais de hostalaría	ACEPTAR Xa está claramente especificado no artigo que o concurso afecta unicamente as autorizacións de instalación de establecementos de xogo.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 14. 4 Modificar o prazo dun mes e establecer o prazo dun ano	REXEITAR Non se acepta a proposta por consideralo excesivo.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 14.4 Substituír a expresión “podendo ser renovadas por períodos de igual duración, sempre que se manteñan os requisitos esixidos” por “deberán ser renovadas por períodos de igual duración sempre que se manteñan os requisitos exixidos no momento da primeira autorización”	REXEITAR A renovación nunca pode ser unha obriga para a administración.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 18 – Comisión de xogo 3. Engadir que os informes se emitirán no prazo de 15 días	REXEITAR Será obxecto do posterior desenvolvemento regulamentario.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 30 Establecementos de xogo 1. Incorporar un apartado que protexa as autorizacións xa vixentes que podan incumprir as novas distancias fixada na lei	ACEPTAR Xa consta na norma
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 30 DISTANCIAS Manter o sistema de medición actual, é dicir, peatonal e non radial	REXEITAR O sistema de medición radial considérase moito máis efectivo tendo en conta a finalidade que se pretende conseguir,
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 30 Eliminar a posibilidade de que os concellos establezan maiores requisitos nas súas ordenanzas	ACÉPTASE PARCIALMENTE Reitérase o xa exposto con relación a esta mesma alegación.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 30.5 Eliminar a consulta pública previa	REXEITAR A consulta pública previa é opcional para os interesados e

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
		non se considera xustificado suprimila xa que é un dereito que teñen os solicitantes de autorizacións de instalacións de salóns e tendas de apostas.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 31 CASINOS O rexistro de admisión non pode ser un servizo de admisión. Piden unha redacción máis clara	REXEITAR Non se entende o que se pretende alegar polo que se mantén a redacción do anteproxecto dado que non presentan redacción alternativa.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 32 Modificacións Solicita que todas as modificacións sexan realizadas mediante comunicación previa e non requiran autorización	REXEITAR Considérase que determinadas modificacións son de tal importancia que requiren unha autorización tal e como manifestan tamén outras alegacións presentadas ao respecto por empresas dos distintos sectores afectados.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 33 Salas de bingo Eliminar a referencia aos terminais de xogo da lotaría instantánea electrónica	ACEPTAR
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 35 Salóns de xogo Eliminar a referencia aos terminais da lotaría instantánea electrónica	ACEPTAR
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 35.3 Matizar que o permiso de apertura é o que concede a Xunta de Galicia	ACEPTAR Modifícase o texto e introdúcese a aclaración
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 38 – Modificacións Concretar que alteración substancial refírese as que supoñan ampliación ou redución da superficie útil da sala de xogo	REXEITAR Mantense a redacción do anteproxecto en que queda claro o que se entende por modificación substancial e non substancial
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 38.3 Engadir Recoller os mesmos supostos que nas salas de bingo	ACEPTAR Coa modificación realizada atendendo a anteriores alegacións o texto definitivo recolle os mesmos supostos que no regulamento do bingo.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 39.4 Eliminar a necesidade de ter instaladas o 100 % das máquinas de apostas autorizadas en hostalaría. Solicitan establecer unha porcentaxe do 75% ou 90%	REXEITAR Non se considera axeitado tendo en conta que a finalidade da medida é reducir progresivamente o parque de máquinas existente para adecuar realmente a oferta de xogo coa demanda.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 40 Solicita que o capital social que se exixa a unha empresa de casinos sexa 2.000.000 euros e non o resultado de multiplicar a	REXEITAR Non se considera conveniente na actualidade introducir modificacións nesta materia que suporía esixir menores requisitos

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	capacidade da sala principal por 18,000 euros que resulta desproporcionado	ás empresas de xogo dos existentes actualmente.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 40 Eliminar a referencia á lotaría instantánea electrónica	ACEPTAR
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 41.4 Engadir “nas condicións que se fixen regulamentariamente”	REXEITAR Non se considera necesaria esta remisión específica a un posterior desenvolvemento regulamentario
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 41.6 Debe concretarse se a ampliación da fianza por esixencia regulamentaria debe necesariamente ser autorizada	ACEPTAR Todos os supostos de modificación da fianza deben ser autorizados e así consta na norma
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 43 Inspección Eliminar a posibilidade de que as forzas e corpos de seguridade colaboren nas tarefas de inspección	REXEITAR Non se entende xustificada esta proposta.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 45 – Infraccións moi graves a) Engadir “sempre que non constitúa falta grave ou leve”	REXEITAR Non existe xustificación xa que non existe coincidencia de infraccións.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 45 d) Propoñen que a infracción da letra d) pase a ser considerada leve	REXEITAR Non se considera xustificada a proposta e mantense a tipificación pola importancia da infracción.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 45 f) Propoñen que a dita infracción teña a consideración de leve	REXEITAR Considérase que a infracción ten unha importancia considerable que xustifica a súa tipificación.
SPORTIUM GALICIA SLU	Artigo 45 l) Eliminar como infracción o feito de permitir a entrada nos establecementos de xogo ás persoas que o teñan prohibido.	REXEITAR Non se pode nin entrar a considerar a alegación proposta. O feito de permitir a entrada nos establecementos de xogo ás persoas que teñen prohibido o acceso incumprindo a obriga de efectuar axeitadamente o dito control de acceso é unha infracción moi grave sen dúbida ningunha.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 46 Infraccións graves d) Consideran que debe ser falta leve e solicitan eliminar o feito de que teña que ser por causa xustificada debidamente comunicada	ACEPTAR Modifícase o texto e a infracción pasa a ter a consideración de leve.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 46 Engadir 2 faltas graves m) “Carecer da autorización de explotación dos elementos de xogo ou da autorización do	REXEITAR Ambas infraccións xa están tipificadas noutros apartados. Artigo 45 a)

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	establecemento” n) “Permitir a entrada en establecementos de xogo aos menores de idade”	Artigo 45 l)
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 47 – Infraccións leves b) Cambiar a expresión “estar claramente visible” por “estar dispoñible”	REXEITAR A documentación da máquina debe estar claramente visible para os usuarios desta. Non cumpre con ese requisito o feito de que estea dispoñible sen especificar onde e como debe estar dispoñible.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 47 – Engadir unha nova infracción: n) “persoa inscrita no rexistro de prohibidos, conseguir acceder ou facer uso dos sistemas de xogo dun establecemento”	REXEITAR Non ten sentido esta infracción xa que se o titular do establecemento fai correctamente o control de acceso a persoa inscrita no rexistro de prohibidos non pode facer uso dos sistemas de xogo en ningún caso xa que non estaría dentro. E no suposto de que estivese dentro a infracción sería o feito de terlle permitido entrar.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 47 Solicitan eliminar no regulamento de apostas a obriga de ter un número mínimo de tendas de apostas instaladas	ACEPTAR Xa se incorpora no texto legal esta previsión na disposición derrogatoria.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 48 Responsables No parágrafo segundo debe especificar que a documentación non debe estar na máquina auxiliar de apostas senón no local	REXEITAR A documentación debe estar na máquina auxiliar de apostas para que o usuario poda comprobala e teñan a completa seguridade de que a máquina conta con todos os permisos necesarios. Non se cumpre con esta finalidade o feito de que a documentación estea no local sen especificar onde e nin como os usuarios poden comprobala.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Artigo 50 As sancións de carácter accesorio unicamente deben impoñerse nos supostos de infraccións moi graves	REXEITAR Considérase que as sancións accesorias poden ser impostas tamén nos supostos de infraccións graves e leves segundo as circunstancias concretas.
SPORTIUM APUESTAS GALICIA SLU	Disposición Adicional Primeira Engadir “as persoas ás que fai referencia este punto poderán actuar a través de representantes segundo se regulamente”	REXEITAR O feito de actuar en nome de representantes xa está regulado na normativa estatal básica e non precisa ningún desenvolvemento regulamentario,
SPORTIUM APUESTAS	Disposición final segunda e) Engadir “tarxetas electrónicas	REXEITAR Non se considera pertinente

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
GALICIA SLU	de pago e reintegro en substitución de diñeiro de curso legal, de entidades financeiras, que permitan ao titular dispoñer do seu diñeiro previa autorización da empresa financeira a través dun sistema electrónico homologado” i) Substituír o equivalente a 100 veces polo equivalente a 500 veces l) engadir “excepto nos locais específicos de xogo”	admitir esta redacción xa que a normativa actual xa autoriza a utilización de tarxetas electrónicas de pago ou reintegro previamente homologadas. Non se considera pertinente aumentar a ratio de 100 a 500 veces por non existir xustificación ningunha ao respecto. Non se permiten os dispositivos sonoros en ningún tipo de máquina con independencia do establecemento no que se instalen.
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 14.3 Solicitan que o silencio sexa positivo	REXEITAR Remítese ao xa exposto respecto desta alegación en apartados anteriores.
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 14.4 Suprimir o apartado 4	REXEITAR Non se entende xustificada a alegación polo que mantense a redacción do anteproxecto.
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 18.2 Solicita incluír na Comisión de Xogo ao subsector das apostas	ACEPTAR Xa se atopan incluídos no apartado b) posto que as empresas de apostas son un dos sectores máis representativos na materia de xogo.
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 22.4 Solicita igualdade entre as máquinas B e as máquinas de apostas instaladas en hostalaría de xeito que ambas poidan estar en baixa temporal	REXEITAR É un aspecto a considerar na modificación do regulamento de apostas xa que a lei non regula as diferentes situacións en que se poden atopar as máquinas de apostas.
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 34 Solicitan igualdade de trato coas salas de bingo establecendo a posibilidade de cambios de localización dos salóns de xogo e das tendas de apostas ou que se impida para as salas de bingo	ACEPTAR Modifícase o texto e incorpórase a posibilidade de traslado dos establecementos de xogo
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 36 Propoñen a posibilidade de que as tendas de apostas exploten máquinas de tipo B	REXEITAR Mantense o sistema piramidal de xogo actualmente vixente en Galicia e non se considera necesaria a modificación.
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 38 Solicitan que se permita o traslado das tendas de apostas e dos salóns de xogo	ACEPTAR Modifícase o texto e incorpórase a posibilidade de traslado dos establecementos de xogo
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 39	REXEITAR

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	Eliminación do apartado 6	Non se pode aceptar a alegación xa que iría en contra da planificación establecida en materia de máquinas de apostas e da finalidade perseguida de extinguir progresivamente as autorizacións de máquinas de apostas en hostalaría.
SOLWIN GALICIA SL	Artigo 40.5 Propoñen que o capital social mínimo exixible á empresa concesionaria da lotaría instantánea electrónica sexa de 2.000.000 ao igual que para as empresas de apostas	REXEITAR Non se introduce ningunha modificación na regulación deste tipo de xogo con respecto a existente na actualidade e non se considera necesario incrementar a contía do capital social mínimo.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición Transitoria Primeira Eliminar a autorización por concurso e manter a situación actual de conceder as autorizacións por orde de presentación	REXEITAR Considérase que o sistema de concurso é o que ofrece maiores garantías de seguridade xurídica ao existir un límite máximo de autorizacións.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición Transitoria Terceira Concretar se o prazo de 15 anos será a partir dos dous anos de adaptación ou a partir da entrada en vigor da lei,	ACEPTAR Considérase que resulta claro que o prazo de 15 anos conta desde que ten lugar a oportuna adaptación mediante a resolución correspondente que así o fará constar.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición Transitoria Cuarta Aplicar con efecto retroactivo as distancias aos establecementos de xogo xa abertos	REXEITAR O réxime de distancias non se pode aplicar con efecto retroactivo aos establecementos validamente instalados.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición derrogatoria Solicitan aclaración sobre cales son en concreto os apartados que se derrogan da disposición adicional primeira do regulamento de apostas	ACEPTAR Xa consta con claridade na disposición derrogatoria cales son os apartados que se derrogan
SOLWIN GALICIA SL	Disposición derrogatoria Solicitan derrogar a disposición adicional primeira punto 1	REXEITAR Reitérase o exposto anteriormente respecto da existencia dun contencioso.administrativo en trámite e a necesidade de esperar o resultado.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición derrogatoria Solicitan manter a vixencia do artigo 48.2	REXEITAR Desde o momento en que se esixe control de acceso en todos os establecementos de xogo non ten sentido manter espazos diferenciados funcionalmente. Será facultade do titular do establecemento a redistribución

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
		interna dos espazos sen que exista obriga legal de que estes estean fisicamente diferenciados.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición derrogatoria Solicitan manter a vixencia do artigo 49.4	REXEITAR A vixencia das autorizacións de todos os establecementos de xogo debe ser a mesma polo que non se pode manter unha diferenciación exclusiva para os espazos de apostas.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición derrogatoria Solicitan derrogar o artigo 55.2 do Regulamento de apostas	REXEITAR Reitérase o exposto anteriormente respecto da existencia dun contencioso.administrativo en trámite e a necesidade de esperar o resultado.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición derrogatoria Solicitan manter a vixencia do artigo 55.6	REXEITAR. O novo texto legal fixa un novo réxime de vixencia das autorizacións e, en consecuencia, non pode manterse a vixencia deste artigo.
SOLWIN GALICIA SL	Disposición derradeira terceira Propoñen manter a superficie do 50% destinada a bar e a posibilidade de instalar terraza	ACEPTAR
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 14.3 Solicitan que o silencio sexa positivo	REXEITAR Reitérase o xa exposto con anterioridade respecto desta alegación.
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 14.4 Suprimir o apartado 4 (duración das autorizacións)	REXEITAR Non se considera xustificada a proposta xa que a duración das autorizacións de 15 anos parece axeitada
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 18.2 Solicita incluír na Comisión de Xogo ao subsector das apostas	ACEPTAR Xa están incluídas no apartado b) xa que son un dos sectores máis representativos en materia de xogo.
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 22.4 Solicita igualdade entre as máquinas B e as máquinas de apostas instaladas en hostalaría de xeito que ambas poidan estar en baixa temporal	REXEITAR É un aspecto a ter en conta na futura modificación do regulamento de apostas xa que a lei de xogo non establece nada ao respecto da situación en que se atopan as máquinas de apostas.
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 34 Solicitan igualdade de trato coas salas de bingo establecendo a	ACEPTAR Modifícase o texto e incorpórase a posibilidade de traslado dos

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	posibilidade de cambios de localización dos salóns de xogo e das tendas de apostas ou que se impida para as salas de bingo	establecementos de xogo
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 36 Propoñen a posibilidade de que as tendas de apostas exploten máquinas de tipo B	REXEITAR Vai en contra do sistema piramidal de xogo existente en Galicia e non se atopa xustificación ningunha para modificalo.
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 38 Solicitan que se permita o traslado das tendas de apostas e dos salóns de xogo	ACEPTAR Modifícase o texto e incorpórase a posibilidade de trasladar os establecementos de xogo
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 39 Eliminación do apartado 6 (Número máximo de máquinas de apostas en hostalaría)	REXEITAR Mantense a redacción do apartado 6 do artigo 39. É fundamental aos efectos da planificación do xogo que se pretende conseguir coa entrada en vigor da lei.
WINNERS APUESTAS SA	Artigo 40.5 Propoñen que o capital social mínimo exixible á empresa concesionaria da lotaría instantánea electrónica sexa de 2.000.000 ao igual que para as empresas de apostas	REXEITAR O novo texto legal non introduce ningunha modificación neste tipo de xogo que mantén exactamente a mesma regulación que na normativa actual. Non se considera xustificado incorporar ningún cambio ao respecto xa que as circunstancias non teñen variado.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición Transitoria Primeira Eliminar a autorización por concurso e manter a situación actual de conceder as autorizacións por orde de presentación	REXEITAR Considérase que o concurso é o sistema que ofrece maiores garantías de seguridade xurídica aos interesados tendo en conta que existe un límite máximo de autorizacións a conceder.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición Transitoria Terceira Concretar se o prazo de 15 anos será a partir dos dous anos de adaptación ou a partir da entrada en vigor da lei,	ACEPTAR Considérase que resulta claro que o prazo de 15 anos conta desde que ten lugar a oportuna adaptación mediante a resolución correspondente que así o fará constar.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición Transitoria Cuarta Aplicar con efecto retroactivo as distancias aos establecementos de xogo xa abertos	REXEITAR O réxime de distancias non se pode aplicar con efecto retroactivo aos establecementos validamente instalados.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derrogatoria Solicitan aclaración sobre cales son en concreto os apartados que se derrogan da disposición	ACEPTAR Xa constan con claridade cales son os apartados que se derrogan.

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
	adicional primeira do regulamento de apostas	
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derrogatoria Solicitan derrogar a disposición adicional primeira punto 1	REXEITAR Reitérase o xa exposto con anterioridade respecto da existencia do contencioso-administrativo e a necesidade de esperar o resultado.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derrogatoria Manter a vixencia do artigo 12.2	REXEITAR Non se pode manter a esixencia dun número determinado de tendas de apostas abertas ao existir un límite máximo para este tipo de establecementos.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derrogatoria Solicitan manter a vixencia do artigo 48.2	REXEITAR Desde o momento en que se esixe control de acceso en todos os establecementos de xogo non ten sentido manter espazos diferenciados funcionalmente. Será facultade do titular do establecemento a redistribución interna dos espazos sen que exista obriga legal de que estes estean fisicamente diferenciados.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derrogatoria Solicitan manter a vixencia do artigo 49.4	REXEITAR A vixencia das autorizacións de todos os establecementos de xogo debe ser a mesma polo que non se pode manter unha diferenciación exclusiva para os espazos de apostas.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derrogatoria Solicitan derrogar o artigo 55.2 do Regulamento de apostas	REXEITAR Reitérase o exposto anteriormente respecto da existencia dun contencioso.administrativo en trámite e a necesidade de esperar o resultado.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derrogatoria Solicitan manter a vixencia do artigo 55.6	REXEITAR O novo texto legal fixa un novo réxime de vixencia das autorizacións e, en consecuencia, non pode manterse a vixencia deste artigo.
WINNERS APUESTAS SA	Disposición derradeira terceira Propoñen manter a superficie do 50% destinada a bar e a posibilidade de instalar terraza	ACEPTAR
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE SALÓNS DE XOGO E	Artigo 41 Eliminar a exixencia de fianzas as	REXEITAR Non poden eliminarse as fianzas

ALEGANTE	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
RECREATIVOS DE GALICIA	empresas operadoras de xogo	totalmente pero cómprese a normativa europea especificando que as fianzas unicamente poden esixirse pola prestación da actividade e non pola inscrición no rexistro.
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE SALÓNS DE XOGO E RECREATIVOS DE GALICIA	Reducir a taxa fiscal sobre o xogo por considerala moi elevada	REXEITAR Non é obxecto desta lei xa que non regula aspectos fiscais.
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE SALÓNS DE XOGO E RECREATIVOS DE GALICIA	Consideran discriminatorio a situación da vixencia indefinida das autorizacións das máquinas de apostas en relación coas autorizacións das máquinas B que teñen vixencia limitada	ACEPTAR Na nova normativa as autorizacións das máquinas de apostas deixan de ter vixencia indefinida.

CADRO INFORMES SECTORIAIS
AUDIENCIA PÚBLICA ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA

ORGANISMO	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Exposición de motivos Solicitan engadir un parágrafo na exposición de motivos relativo a especial protección da saúde e a seguridade das persoas consumidoras.	ACEPTAR Modifícase a exposición de motivos
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 3 Incluír no apartado 1 a) tamén aos xogadores patolóxicos e as persoas en risco de desenvolver un problema de xogo	ACEPTAR Modifícase o texto e incorpórase a suxestión
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Propoñen incluír tamén que a Administración autonómica implementará actividades preventivas e asistirá ás persoas con problemas de xogo (incluído o cribado de pacientes en situación de risco)	ACEPTAR PARCIALMENTE Pódese aceptar que a administración autonómica implemente actividades preventivas pero non é obxecto da lei incluír medidas de corte sanitario polo que o segundo parágrafo non pode ser admitido. Corresponde regulalo á consellería de sanidade a través das súas propias normas.
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 4 Propoñen unha nova redacción do artigo 4 eliminando as referencias ao xogo moderado e definir axeitadamente o que se entende por xogo responsable	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da proposta
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 5 – Publicidade Engadir o seguinte: 6. Prohíbese a exhibición do exterior dos establecementos de xogo regulados nesta lei de calquera tipo de publicidade, sinais luminosas ou musicais ou elemento semellante que poida actuar como reclamo para xogar. Terán esta consideración en todo caso as información sobre os mercados de apostas, os prognósticos ou os premios.	ACEPTAR Xa se recolle no texto a prohibición da publicidade cara o exterior do establecemento xa que unicamente se permite no interior do propio establecemento
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 6 – Rexistro de prohibidos Propón unha nova redacción do artigo establecendo medidas de coordinación entre as consellerías e establecendo un período de carencia da baixa no rexistro de xeito que unicamente teña efectividade 1 mes despois da cancelación	ACEPTAR PARCIALMENTE Acéptase a parte relativa a coordinación entre consellerías pero non pode establecerse un período de carencia. Unha vez que ten lugar a baixa no rexistro esta é inmediatamente efectiva. Outra cousa provocaría moitos problemas ás persoas e aos sistemas que teñen que controlar o acceso aos establecementos de xogo.
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 8 – Control de acceso Establecer un control de acceso de prohibidos nas máquinas de apostas en hostalaría con mecanismos semellantes aos das máquinas de tabaco.	ACEPTAR PARCIALMENTE Incorpórase no texto a obriga de que as máquinas de apostas en hostalaría conten cun dispositivo que impida o xogo das persoas menores de idade.

ORGANISMO	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 8 – Control de acceso Debe describirse con claridade o mecanismo de control de acceso tanto presencial como telemático	REXEITAR A concreción acerca do mecanismo de control de acceso debe ser obxecto dos correspondentes regulamentos de desenvolvemento dos xogos
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 30 Establecementos de xogo Debe establecerse unha distancia de 300 metros a todos os centros educativos de ensinanza regrada e non unicamente aos que impartan ensinanza a menores de idade. Debe fixarse tamén unha distancia de 300 metros a calquera outro establecemento de xogo e debe medirse de xeito radial.	ACEPTAR Modifícase o texto
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Artigo 37 – Espazos de apostas Consideran necesario prohibir a instalación de espazos de apostas en recintos deportivos e feirais pola alta presenza de menores nos ditos establecementos,	REXEITAR Incorpórase o control de acceso neste tipo de máquinas polo que non se considera necesaria a prohibición.
CONSELLERÍA DE SANIDADE	INFORMACIÓN Engadir no artigo 13 a necesidade de informar nos establecementos e nas máquinas da prohibición de acceso a menores de idade, dos potenciais prexuízos do xogo e da existencia de recursos de axuda.	ACEPTAR Modifícase o texto
CONSELLERÍA DE SANIDADE	INGRESOS DAS SANCIÓNS Destinar o 25% da recadación das sancións en materia de xogo deben destinarse a financiar actividades dirixidas á prevención do xogo patolóxico e de asistencia ás persoas con problemas de xogo	ACEPTAR Destinarase un 25%
MINISTERIO DE HACIENDA - DGOJ	Eliminar a exixencia de autorización autonómica para a instalación de terminais de venda de titularidade da ONCE e SLAE por tratarse de xogo reservado á competencia estatal	ACEPTAR PARCIALMENTE Acéptase que os xogos de SLAE e ONCE que teñan a consideración de xogos reservados non precisarán autorización autonómica pero mantense a autorización para todo o resto de xogos non reservados
AMTEGA	Disposición Adicional Primeira Eliminar o seguinte por innecesario “Para a presentación de solicitudes e comunicacións será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia”	ACEPTAR Modífícase o texto no sentido da proposta
AMTEGA	Disposición adicional primeira Propoñen nova redacción do punto 2 “ A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada”	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da proposta

ORGANISMO	ALEGACIÓN	ACEPTAR/REXEITAR
AMTEGA	Disposición Adicional Primeira Punto 3 Propoñen nova redacción “Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda”	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da proposta
AMTEGA	Disposición Adicional Segunda Propoñen a seguinte redacción “O goberno da Xunta de Galicia promoverá os instrumentos legais e técnicos necesarios para que os procedementos para a tramitación administrativa documental das máquinas de xogo poidan realizarse de xeito electrónico na sede electrónica da Xunta de Galicia”	ACEPTAR Modifícase o texto no sentido da proposta
CONSELLERÍA MAR	Exposición de Motivos Adaptalo as directrices de técnica normativa	REXEITAR Considérase que o texto xa está adaptado as ditas directrices
CONSELLERÍA MAR	Artigo 5 Prohibir a exaltación do xogador premiado e acoutar o horario de publicidade con relación aos programas infantís Propoñen que toda a publicidade inclúa todos os supostos de prohibición do xogo e non unicamente aos menores de idade	REXEITAR Será obxecto de posterior desenvolvemento regulamentario
CONSELLERÍA MAR	Artigo 8 Debe engadirse unha disposición para que se respecten os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas na Constitución e singularmente os dereitos de liberdade e intimidade.	REXEITAR Os dereitos fundamentais xa están garantidos no artigo 7 que regula o dereito de admisión que é o lugar axeitado para o seu recoñecemento e non no artigo 8 que unicamente fai referencia ao estrito control de acceso de menores e prohibidos.
CONSELLERÍA MAR	Artigo 15-.2 Considera que debe debe constituír un artigo independente xa que non garda relación coas competencias do Consello	REXEITAR Unha das competencias do Consello da Xunta é precisamente a planificación e o que fai o punto 2 e matizar o alcance da dita competencia
CONSELLERÍA MAR	TÍTULO V Considera máis axeitado a división do título V en capítulos	REXEITAR Non se considera necesaria a división en capítulos
CONSELLERÍA MAR	Artigo 57 Réxime fiscal Debería constituír un título independente xa que non garda relación co enunciado do título V	ACEPTAR Xa está incorporado no título V a mención ao réxime fiscal
CONSELLERÍA MAR	Disposición derradeiras segunda e terceira Observar o disposto nos números 73 e seguintes da resolución de 4 de novembro de 2014	REXEITAR Considérase axeitada a redacción das dúas disposicións.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA

Solicitante: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 2019/088

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza solicítalle a esta Secretaría Xeral que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar con carácter previo ao debate parlamentario calquera iniciativa lexislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de